

cultura

Lugo conta xa cunha ruta pola cidade para coñecer o Sistema Solar. **Pax. 3**

sociedade

Rubén Arroxo fai balance dos catro anos de mandato e ve o programa cumprido. **Pax. 7**

economía

O servizo de limpeza incorpora novas varredoras, eléctricas e silenciosas. **Pax. 12**

zona rural

Habilitan un paso peonil que unirá a parroquia de Meilán con Garabolos. **Pax. 14**

infraestruturas

Cidadáns pide conectar as rúas Amizade e Escultor Asorei. **Pax. 22**

O Entroido marca tendencia en febreiro



Finalizan obras en distintos puntos de Lugo

Rematan as de Bal y Gay e ultiman traballos en Lamas de Prado e Calzada da Ponte. **Pax. 21**

A Deputación reclama axudas polo temporal

Aprobou en Pleno solicitar á Xunta apoio para os damnificados polas inundacións. **Pax. 23**

Festival A Candeloria



Falamos con Manu Fernández, director do festival, que se fai en marzo. **Pax. 5**

Corre con Nós



Volve o circuío de seis carreiras, que arranca o día 4. **Pax. 30**

ACD Piringalla



Entrevista a Luis Agra, director deportivo e vicepresidente do club laranxa. **Pax. 31**

Tormenta de cambios no CD Lugo en 24 horas

O club substitúe a Fran Justo por Joan Carrillo e dimiten Pita como director deportivo. **Pax. 30**

Viaja de forma diferente... a tu aire

Yakart
autocaravanas

Crta. de Santiago N. 540 Km 4.5
27210, Lugo
Tel.: 982 283 051
info@yakartautocaravanas.com
www.yakartautocaravanas.com

Lugo prepárase para o Entroido

Un ano máis a cidade de Lugo prepárase para celebrar un Entroido cheo de actividades, actuacións e por suposto o concurso de disfraces. Esta ano as actividades darán comezo o día 6 de febreiro ás 19.30 coa proxección do vídeo Enterro da sardiña 2002 no Vello Cárcere, unha oportunidade para recordar as festas do pasado ano. O mércores 15 ás 19.30 o Vello Cárcere acollerá a charla *O mundo da máscara* a cargo de Mercedes Vázquez Saavedra, vinculada ao mundo da escritura é autora de varias guías que está mergullada no mundo da máscara dende hai moitos anos con fin de investigar as máscaras do rural. O pregón terá lugar o 17 de febreiro ás 20.00 na praza Maior e será a cargo da xornalista e investigadora da USC Marta Veiga para continuar coa actuación de Condensadores de Fluzo. A partir das 21.30 a charanga Louband estará enchendo de música o recinto histórico. O concurso de disfraces de Entroido, que xa ten aberto o prazo para anotarse, é todos os anos unha das actividades que conta con maior participación da veciñanza, desde os máis pequenos ata os adultos.

O sábado 18 a partir das 17.00 terá lugar o concurso infantil e o desfile partirá da praza da Soidade e discurrirá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raíña e praza Maior. Ademais durante o desfile poderase desfrutar da actuación Clownamorado a cargo de Rudi Dudi a

partir das 18.00 na praza Maior. Este ano os premios do concurso infantil de disfraces repartiránse en varias categorías, unha individual con contías de 100, 80 e 50 euros, outra por parellas onde os premios serán de 150, 120 e 90 euros e outra para comparsas onde os premios serán de 240, 180 e 140 euros. Estes premios serán entregados en dous vales, que sumarán o importe total do premio, un lote de libros, que pode incluír material escolar ou de papelería, e outro para actividades de ocio e tempo libre.

O xurado estará formado por persoas de recoñecido prestixio e vinculación coa cultura e valorarán a composición estética, a orixinalidade, a calidade e a presentación.

Xa pola noite Tambukda ás 20.00 e Brassica Rapa ás 22.00 estarán polo recinto histórico enchendo de música as rúas da cidade.

O domingo 19 o pallaso Peter Punk estará co seu espectáculo *Chungo* que te cagas ás 12.30 na praza Maior. Un espectáculo onde maiores e pequenos poderán desfrutar de malabares, xogos e moitas risas.

A gala de circo Introitus chega o luns á praza Maior da man de Culturactiva ás 18.30. Pola noite a batucada Bloco Meigallo estará a partir das 20.00 soando polo recinto histórico e a partir das 22.00 será o quenda para a charanga Unión Phenosa.

O martes 21 a xornada dará comezo ás 12.30 coa actuación *As que máis molan da Gramola* do grupo A gramola gominola.



O concurso de disfraces para adultos celebrarase tamén o día 21 de febreiro a partir das 17.00 e terá o mesmo percorrido que o concurso infantil. Os premios desta edición serán de 500, 300 e 200 euros, xunto con tres accésits de 50 euros para a categoría individual. 600, 400 e 300 euros, xunto con 5 premios de 100 euros na categoría de parellas e as comparsas optarán a premios de 1.100, 800 e 600 euros xunto con 7 premios máis de 200 euros.

As inscricións poderán realizarse a través do correo electrónico cultura@lugo.gal e pecharanse o 17 de febreiro para a categoría infantil e o 20 de febreiro para categoría adultos, ambas rematarán ás 14.30.

Ao rematar o concurso de disfraces de adultos ás 18.00 terá lugar a actuación do grupo Carta de ajuste. Para finalizar estas festas de celebracións do Entroido o mércores 22 ás 20.00 terá lugar o



enterrado da sardiña a cargo da Asociación Cultural Pepe Barreiro. Ademais das actividades culturais o 11 terá lugar a I Festa da Filloa en Lugo que consistirá no reparto

gratuito de filloas na rúa Quiroga Ballesteros cunha gran máquina que permita abastecer de filloas a todas as persoas que se achen.

PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

Lugo conta xa cunha ruta para coñecer o Sistema Solar

Xa se pode visitar o paseo polo sistema solar, co que a tenencia de alcaldía propón unha ruta pola cidade para coñecer os distintos planetas e corpos do sistema solar. Rubén Arroxo estivo acompañado polo concelleiro Felipe Rivas, responsable da concellería de Educación e Difusión do Coñecemento, ademais da concelleira de Participación, Cristina López, e dun grupo de escolares do IES Muralla Romana que viaxaron en bus urbano ata o comenzo da ruta.

O tenente alcalde afirmou que “esta iniciativa ten un gran potencial tanto para a veciñanza de Lugo e o turismo que se achegue á cidade como para os centros de ensino, que poderán estudar o Sistema Solar dun xeito distinto, seguindo o paseo e vendo as ilustracións de Noemí López”.

Cada un dos 11 paneis do paseo do



sistema solar achegan información relevante sobre o sol, os 8 planetas, o cinto de asteroides e Plutón, como o seu tamaño, a cantidade de satélites cos que contan ou os tempos de rotación arredor do sol.

Un Paseo polo Sistema Solar é a terceira intervención deste estilo executada pola tenencia de alcaldía

neste mandato. Nos últimos meses habilitáronse zonas de paseo nos barrios da Chanca e da Ponte con distintos paneis recollendo lendas de cada zona. Para este traballo contárase coa ilustración de Noemí López e co traballo de Antonio Reigosa no eido da investigación da mitoloxía popular e da tradición oral.

As festas do San Froilán contaron cun gasto de 1,1 millóns de euros

Na xuntanza da comisión de festas deuse conta do custo das festas do San Froilán 2022 que nesta edición ascendeu a un total de 1.157.603,19 euros. Estes gastos foron sufragados principalmente coas aportacións de patrocinadores, os ingresos derivados dos barraquistas, as casetas de polbo e os caldeiros que sumaron un total de 579.540,35 euros e as arcas municipais aportaron os 578.062,84 euros restantes.

As festas tiveron máis de 200 actividades das cales máis de 100 foron musicais, participaron máis de 50 grupos lucenses e estiveron repar-

tidas en 4 escenarios principais cos seus correspondentes equipos de son e luces. Para Maite Ferreiro “este San Froilán foi a edición máis social e máis completa para todos os gustos”. O gasto máis importante destas festas foi “a infraestrutura eléctrica que abasteceu ao recinto feiral, as vivendas dos barraquistas, o alumeadado ornamental e os escenarios das festas” segundo informou a concelleira de cultura na xuntanza da comisión de festas.

Na edición deste ano houbo punto lila, onde especialistas en materia de igualdade traballarán en infor-

mar, concienciar e dar pautas para evitar situacións de acoso e violencia machista, e proporcionaron apoio, refuxio e asesoramento necesarios. Ademais, por primeira vez contou cun servizo de mochilas vibratorias para persoas con discapacidade auditiva nos concertos da praza Horta do Seminario. Isto uniuse aos debidos espazos reservados nos concertos para persoas con mobilidade reducida e aos cascos para nenas e nenos autistas que os precisaron. Segundo Ferreiro o programa “foi completo e para todos os gustos”.

O Lugar de Reque presentou o programa do primeiro semestre

O Lugar de Reque ten lista a súa programación para este 2023 con máis actividades, profesionais e participantes, que seguirá rexenando este espazo público a carón do río Rato e contribuíndo a difundir coñecementos e ferramentas ligadas á sustentabilidade en todas as dimensións, desde a saúde ou o manexo de terras ata a economía. Efrén Castro adiantou que “como gran novidade para esta tempada, impulsamos un maior número de actividades enfocadas ás etapas máis temperás, nas que contaremos con profesionais do ámbito da infancia e a adolescencia e coas que queremos facer chegar a cativos e cativas a posibilidade de desenvolver novas experiencias e ferramentas que lles axuden a integrar a ecoloxía na súa vida cotiá, adquirindo tamén valores esenciais para o coidado persoal e o coidado do planeta”.

No tocante ao calendario, a programación artéllase arredor de sete ámbitos de acción que se describen desde a permacultura: saúde integral, terras e natureza, comunidade, educación e cultura, tecnoloxía, hábitat e economía social.

Os meses de xaneiro e febreiro a protagonista será a saúde integral. Unha xornada de poda de vimbio iniciou unha serie de propostas centradas no coidado dos ecosistemas e no coidado propio. Nesta liña, nos dous primeiros meses do ano, Reque acollerá os obradoiros Fermentados, Alucina coa Alquimia, Sons Vibracionais e loga para Familias, tanto para persoas adultas como para a infancia e a adolescencia.



Para os meses de marzo e abril a programación estará centrada en terras e natureza e as actividades para estes meses xirarán arredor de coñecementos e boas prácticas sobre o manexo dos recursos naturais, a produción de alimentos e outros produtos de valor biolóxico, así como o fortalecemento dunha maior conexión e entendemento sobre o mundo natural. Desenvolverase unha completa formación en compostaxe para adultos e obradoiro Sementes para os máis cativos.

A comunidade será a protagonista dos meses de maio e xuño e neste ámbito, a formación centrarase sobre unha gran ferramenta ecosocial coñecida como Comunicación non Violenta, que contará cunha edición para adultos e outra para adolescentes.

Tamén se desenvolverá una formación de deseño comunitario, donde traballar e aprender sobre metodoloxías de proxectos sustentables, xestión de procesos colectivos e outros recursos como a sociocracia.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



O Vello Cárcere acolle a exposición ‘A Polbeira’

A exposición da Polbeira, que mostra o proceso creativo seguido polo escultor Honorio á hora de realizar a estatua ubicada na praza da Mosqueira foi inaugurada por Rubén Arroxo e Maite Ferreiro. Á inauguración asistiron tamén o escultor Honorio e o pintor lucense Jorge Espiral. O Vello Cárcere acollerá esta mostra ata o vindeiro 15 de febreiro e a exposición conta con 45 fotografías que mostran o proceso creativo seguido polo artista, ademais dos bocetos orixinais

e as dúas maquetas utilizadas ao longo do proceso de elaboración da estatua. “Unha oportunidade única para coñecer o proceso artístico dunha escultura que representa un anaco da historia de Lugo”, afirmou Maite Ferreiro. A estatua da Polbeira, ubicada na praza da Mosqueira, está realizada en bronce e ten unha altura de 190 cm. A Tenencia de Alcaldía rendeu homenaxe con esta estatua “a todas as polbeiras que en cada San Froilán realizaban a súa actividade nesta praza”.

Lugo celebrará o centenario de Ulises xunto con outras cidades

Continúan os avances para a colaboración de Lugo coa rede europea Ulysses European Odyssey nesta efeméride continental xunto a capitais europeas como París, Atenas, Budapest, Berlín, Copenhage e Estambul, entre moitas outras. Rubén Arroxo e Maite Ferreiro mantiveron unha reunión con representantes da Fundación Uxio Novoneyra para que a cidade esté presente nesta efeméride e para avaliar cales serán os espazos da cidade nos que terán lugar as representacións relativas ao centenario Ulises. Lugo estará integrada, en pé de igualdade, como cidade asociada neste proxecto Europa Creativa de cooperación a grande escala -o primeiro no que participa a cidade da Muralla- e que convoca outras 17 urbes europeas, entre elas as grandes capitais estatais e culturais do continente, representando cada unha un capítulo desta obra mestra da literatura universal. “O feito de que Lugo

está nesta rede de cidades é patente na web onde xa se poden ver as imaxes relativas á visita realizada o mes pasado por unha delegación europea da Ulysses European Odyssey” sinalou Maite Ferreiro. As diversas estatuas de escritores, a Muralla, o museo e os seus xardíns, formarán parte do percorrido literario no que se representarán as obras elixidas pola Ulysses European Odyssey. Arroxo afirmou que “a recente peonalización da cidade e a implatación de diversas estatuas relativas a autores galegos contribuíron grandemente a elección de Lugo como parte desta rede europea de cidades para celebrar o centenario de Ulises”. Este proxecto está inspirado no libro Ulises, do escritor irlandés James Joyce, do cal se celebrou no ano 2022 o centenario da súa publicación por toda Europa, dando comezo a unha rolda de homenaxes por 18 cidades europeas que rematará en 2024.

O reitor pon en valor o Campus Terra na celebración do patrón

A facultade de Ciencias acolleu a celebración do patrón da Universidade, Santo Tamás de Aquino nun acto académico que serviu para por en valor o traballo da institución na cidade. O reitor Antonio López pon en valor o cometido da USC como “panca esencial para a formación e tamén para o desenvolvemento económico e social de Galicia” logo de recoñecer o “lícito orgullo pola realidade universitaria construída entre todos en Lugo durante o último século”, referiuse ao recoñecemento do Campus Terra como campus de especialización como “unha oportunidade de futuro para acadar obxectivos ambiciosos, tales como os son incrementar o alumnado, potenciar e afianzar estruturas e resultados de investigación, avanzar no relevo xeracional do profesorado e no deseño de títulos aliñados cos novos intereses sociais e do mercado laboral”. A coincidencia da celebración da festividade de San Tomé no edificio que en 1972 acolleu o Colexio Universitario, xermolo dos estudos universitarios na capital luguesa, serviu de marco para que Antonio López lembrara o proceso transformador impulsado e os fitos acadados pola USC neste tempo. A creación do Colexio Universitario en Lugo, que desde un primeiro momento asumiu o primeiro ciclo dos estudos de Ciencias e os correspondentes as titulacións da área de humanidades, englobadas daquela baixo a denominación de Filosofía e Letras, seguida da posterior transformación en universitarias das primitivas escolas de Maxisterio, Enxeñaría Técnica e de profesionais de Comercio, foron as primeiras manifestacións da Universidade en Lugo, dixo López. A inauguración da Facultade de Veterinaria (1991) e a creación da



Escola Politécnica Superior (1993), que incorporaría os estudos do sector agrícola e forestal, constituíron dúas décadas despois, precisou o reitor da USC, dous pasos substanciais para avanzar na consolidación do Campus de Lugo e na configuración actual cara ao sector primario, o que constitúe o elemento distintivo clave da especialización do Campus Terra. A creación das facultades de Ciencias e Humanidades, tamén na década dos anos 90 do século XX, a

transformación en facultades das escolas de Maxisterio e empresariais, ás que cómpre eengadir os centros adscritos de Enfermaría e Relacións Laborais, así como outras infraestruturas tecnolóxicas e de investigación (Ibader, Hospital Rof Codina, Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias, Granxa Experimental Gayoso-Castro...) conforman a realidade actual do Campus de Lugo, que oferta 16 títulos de grao, tres dobles graos, 16 mestrados e 9 programas de doutoramento.



PREMIO. A gridshell de madeira de eucalipto globulus deseñada e construída pola Plataforma de Madeira Estrutural (Pemade) da USC nun dos pavilións da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra vén de recabar un accésit na última edición dos premios Margarita Salas de Investigación.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados

NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN

Móvil: 692 946 694
629 817 933
comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros

TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

“O festival ten que ter personalidade, ideoloxía e identidade propias”

Manu Fernández é director do festival A Candeloria, que se celebra en Lugo no mes de marzo

A Candeloria despediuse no 2019 na que parecía ser a súa última edición, catro anos máis tarde volve cun festival que se celebrará o vindeiro 3 marzo e con actividades de balde dende o día anterior. Falamos con Manu Fernández, director do festival.

Cando nace o festival da Candeloria?

O festival da Candeloria xurde fai case dez anos, mentres estudaba en Santiago nunha noite de troula con Vituco, de Ruxe Ruxe, comentamos como estaba o panorama musical galego en xeral e aí xurdiu un pouco o caldo de cultivo. Despois de comentalo con outra xente naceu a idea de facer algo para poñer a Lugo no panorama festivo galego.

Quen está detrás da organización da Candeloria?

O festival está organizado por unha asociación, que leva o mesmo nome e que naceu para organizar o festival. Eu son o presidente e director do festival pero somos un grupo grande de xente a que estamos dentro da asociación e que traballamos para que o festival sexa posible. Pero non só os membros da asociación senón tanto o equipo de produción como toda a xente que está traballando detrás do escenario, que é un equipo grande, son moi necesarios e sen eles sería imposible facer o festival.

Cales foron as maiores dificultades das primeiras edicións?

Principalmente o pouco apoio, tanto institucional como en xeral. O principio necesitas darte a coñecer e facer valer a túa idea e a túa proposta, que a xente vexa que é factible e a partir de aí si que tes algo máis de axuda. Pero nos primeiros momentos é difícil, aínda que todo cun pouquiño de traballo e de ganas sae cara adiante.

Canto tempo leva preparar un festival destas características?

Este ano cando decidimos volver pois empezamos sete meses antes, pero normalmente case un ano, sobre dez meses antes comezamos xa a traballar. De feito este ano xa estamos traballando no do ano que ben, o idóneo sería traballar a ano vista.

Que diferenza A Candeloria doutros festivais?

O sector dos festivais está tendendo a profesionalización e que sexan empresas as que están detrás dos festivais que soen contar con máis axudas. Nós temos cada un o noso traballo, é un festival que está organizado por unha asociación e non nos lucramos disto, quizais o traballar desde o asociacionismo, a humildade e os poucos recursos si que nos diferencia un pouquiño e nos une máis a festivais como o Castañazo Rock ou Castelo Rock.

Con isto tamén digo que é moi necesaria a profesionalización do sector e que haxa empresas privadas que se podan adicar a iso, penso que ambas podemos convivir y ambas son necesarias. Todos queremos ver bandas grandes as que quizais nós non podemos chegar e encántanos que existan outro tipo de festivais.

Que cambiou dende a última vez que se celebrou A Candeloria?

Cambiou a situación en moitos aspectos, téndese a profesionalización e facer todo con máis seguridade, tamén a que os festivais teñan un nivel técnico maior. Nós tamén nos adaptamos aos tempos, os prezos son moitos máis caros e é máis difícil. Por sorte a día de hoxe está practicamente todo vendido, quedan moi poucas entradas e iso é unha gran sorte. Isto non é unha ciencia matemática, ti as veces intentas facer o festival o mellor posible, cos mellores grupos posibles e estás que non sabes si vas chegar ou non a cubrir o orzamento. Este ano é a primeira vez que contamos con algo de apoio económico institucional.



Cal cree que é o maior atractivo para o público deste festival?

Hai algo que eu sempre digo, que é verdade é fundamental que un festival conte con boas bandas tanto galegas como estatais, non creo que iso sexa o fundamental. Para min é imprescindible que o festival teña personalidade, unha ideoloxía e identidade propias.

Nós somos un festival de esquerdas cunha base de música en galego e con grupos estatais potentes. Queremos que sexa un grao de area para axudar a expandir un pouquiño o galego.

Cal foi o motivo para o parón na celebración do festival?

Ao final organizar un festival ten moito traballo e desgaste tanto físico como emocional e económico, chegou un día no que decidimos que era o momento de parar, cando tomamos a decisión pensamos que ía ser para sempre sinceramente. Este ano iluminósenos a lámpada, vimos como estaba o situación e o valorar percatámonos que había máis vantaxes que contras e que era o momento adecuado para volver. Está resultando positivo e estamos todos moi contentos e con moitas ganas de que chegue.

A parte do festival, que máis teñen programado para eses días?

Nós dende un primeiro momento in-

tentamos integrar a toda a cidade de Lugo no festival, sempre intentamos facer actividades no centro, algo que algunhas veces non se conseguiu. Este ano volvemos a intentalo e o venres faremos uns cantos de taberna na zona da ponte e a partir das nove da noite estará a Duendeneta na praza da Soidade.

Gústanos moito participar cos veciños da zona da ponte porque si sentimos que están un pouquiño excluídos das actividades culturais en xeral en Lugo, así o sábado haberá tamén unha sesión vermú por esa zona. Estas actividades previas ao festival son de balde.

Que cre que aporta este festival a Lugo e ás bandas que participan?

Ao principio éramos moi ambiciosos con poñer no mapa a Lugo e o final a nivel musical Lugo leva no mapa moitísimos anos, ten un dos mellores festivais de jazz, un dos mellores festivais a nivel estatal de indie pop, unha das salas máis míticas tamén a nivel estatal con música sempre de primeira calidade. Ao final non creo que sexamos nada relevante para Lugo, somos simplemente un gran de area que pode axudar un pouco a cultura galega e lucense.

E no referente ás bandas elas apórtannos a nos, fan sempre un esforzo en vir e temos unha relación marabilliosa. Mais que nós aportar a Lugo é Lugo quen nos aporta a nós.

A RAG renderalle homenaxe a Del Riego nas Letras Galegas

En 1963 Rosalía de Castro convertiase na primeira homenaxeada do Día das Letras Galegas. A celebración que co tempo se convertería na gran festa da cultura galega nacera na cabeza de Francisco Fernández del Riego (Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010), zquen a presentou no pleno da Real Academia Galega nunha proposta asinada tamén por Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo. Sesenta anos despois daquel comezo, don Paco é agora o protagonista. A institución da que foi tamén presidente (1997-2001) decidiu dedicarlle o vindeiro 17 de maio cadrando con outra efeméride, o seu 110 aniversario, e celebráralo divulgando a súa figura e obra ao longo de todo o ano cunha programación que abrangueará dende as achegas máis eruditas ata unha serie documental web e unha biografía infantil teatralizada.

A presentación da Primavera das Letras 2023 terá lugar no CEIP Juan Rey de Lourenzá, a vila natal do homenaxeado, e concluirá coa proxección da curtametraxe A orixe da nosa lingua guapa, a produción audiovisual baseada nunha idea orixinal de Fina Casalderrey coa que a RAG inaugura un novo espazo para a divulgación da lingua e da cultura galegas. A páxina web ofrecerá ademais actividades interactivas para conectar os nenos e nenas de forma lúdica co universo de del Riego e servirá de escaparate dos traballos escolares presentados ao concurso Contádenos o voso Día das Letras, explica a académica, responsable desta plataforma dirixida ás etapas de infantil e primaria. A lingua será igualmente a cerna dos contidos especiais das Letras Galegas 2023 que ofrecerá o Portal das Palabras, o espazo web da Real Academia Galega e a Fundación Barrié para a difusión do noso léxico. Lourenzá será tamén o escenario do pleno extraordinario do Día das Letras Galegas mentres que Vigo, onde Francisco Fernández del Riego se refuxiou na posguerra e onde viviu ata o seu pasamento, acollerá, entre outras iniciativas, un acto literario.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

DESCUENTOS
HASTA **65%**

MUEBLES DE BAÑO
DESDE **145€ + IVA**

PORCELÁNICOS
DESDE **6€ + IVA**

outlet
sótano

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”



GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 LUGO www.sotano.es

Escolares do Quiroga Ballesteros participan no Spring Week

Preto de 1.500 estudantes de 69 colexios e institutos de toda Galicia participarán esta primavera no programa de estadias lingüísticas Spring Week, que se desenvolverá entre o 16 de abril e o 17 de xuño de 2023, entre os que se atopan os do CEIP Benigno Quiroga Ballesteros, ademais doustros doce da provincia. Os alumnos de sexto de primaria vivirán esta experiencia entre o 1 e o 17 de xuño.

Lugo estrearse como Capital da Cultura con dous concertos

O Auditorio Gustavo Freire acollerá o vindeiro día 23 de febreiro o evento inaugural da quinta edición da Capital da Cultura do Eixo Atlántico. A programación desenvolverase ata o mes de novembro e contemplará non só as distintas disciplinas artísticas senón tamén unha ampla variedade de eventos, dende mostras de teatro, cine a concertos, festivais de arte urbáns e exposi-

cións, así como actividades infantís e certames gastronómicos, entre outras propostas. Tamén incluírá actividades xa consolidadas na cidade como o Arde Lvcvs Cultural, o Festival Internacional de Jazz ou o Caudal Fest. O Concello de Lugo dedicará ao Eixo Atlántico unha praza emblemática da cidade, na que recentemente se instalou a Fonte das Lavadeiras,


a carón da Praza Viana do Castelo, onde quedará plasmada, así mesmo, a través dun mural de arte urbano, a unión dos pobos que conforman a Eurorrexión. O evento de inauguración terá lugar o 23 de febreiro, a partir das 19.30 horas no Auditorio Gustavo Freire coas actuacións de Abraham Cupeiro e a Orquestra Filarmónica de Braga.

Rente ao Couce abre un club de lectura

A asociación cultural Rente ao Couce organiza unha nova actividade mensual que terá lugar os venres e será un club de lectura. O inicio desta actividade foi o pasado venres 27 de xaneiro ás 18.30 no bar Centro Becerreá. Nesta ocasión o club de lectura contou coa presenza de Toño Núñez nunha sesión de contos para nenos e nenas. Ademais tiveron o acompañamento musical de José Manuel do Castro. Cada mes será un autor e un bar diferente.

Conversa con Adolfo de Abel Vilela, historiador e escritor

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Este Doutor en Xeografía e Historia, centrou o seu campo de actuación na súa cidade natal: Lugo. Aínda que a súa formación multidisciplinar comezou sendo técnica, sempre lle gustou a Historia e o Arte, motivo polo que co paso

do tempo a súa formación foi máis humanística, licenciándose en Xeografía e Historia na especialidade de Arte Moderna e Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Posteriormente doutorouse en Madrid sendo a súa tese doutoral: "A Arquitectura Isabelina e da Restauración en Lugo". **Cando empezaches a ter interese por coñecer a historia de Lugo?** Pois meu interese naceu cando tiña nove anos ao caer nas miñas mans o

libro de Salvador Castro Freire, "Lugo y sus hombres", que me chamou a atención porque tiña unhas fotos antigas de Lugo. Daquela, nos anos cincuenta, Lugo non era unha cidade pequena. O que pasaba é que a maioría dos seus veciños, sobre vinte mil persoas, vivían dentro do recinto amurallado. Na actualidade, non chegan aos tres mil. **Por que?** Porque a cidade comezou a desenvolverse para fóra das Murallas por razóns obvias: a existencia de novas edificacións, con outras comodidades. E así, íase despoboando o recinto histórico. Outros barrios prosperan, como a Milagrosa, Albeiros, ou o barrio de Feixoo coa instalación de empresas como Frigsa, que precisan de moita man de obra e que tratan de vivir preto do traballo. **Os cincuenta foron un período de gran desenvolvemento para Lugo?** Si, porque se fai moita obra pública, edificios emblemáticos e importantes coma a Residencia Sanitaria, o Goberno Civil, o Edificio de Sanidade, os institutos Masculino e Feminino, na Praza de Ferrol o Instituto de Previsión, onde estaba o chalet de Nemésio Cobreros. **E cando comeza a prosperar fóra do recinto amurallado?** Co Desarrollismo dous anos sesenta, cando a xente comezou a posuír vivendas, a ser propietarios dos pisos, promovendo o sector da construción fóra de Murallas, entre outras razóns porque os terreos eran máis baratos, en detrimento do casco histórico, dando lugar a moitas casas abandonadas, algunhas delas estragadas. Tamén houbo a eliminación de construcións de finais do século XIX, interesantes pola súa arquitectura e que non foron rehabilitadas, por mor da construción de edificios contemporáneos. **Cando se valora a Muralla?** Ao longo da historia, a Muralla sempre tivo defensores e detractores, estando en perigo de desaparecer por-



mento? Si, dende o século XVIII se utilizaba como paseo porque as rúas estaban en mal estado, algunhas eran de terra, outras estaban mal empedradas. E a Muralla era un paseo moi agradable, sobre todo cando non chovía, que permitía pasear, vendo magníficas paisaxes ao non ter edificios fóra dela, por exemplo, dende Porta de San Pedro víanse os Ancares e polo suroeste o Picato. **E porque Lugo é unha gran descoñecida?** Porque sempre foi cidade de paso, agardamos que, melloradas as vías de comunicación, as autoridades promocionen Lugo como parada e destino. Aínda os propios lucenses descoñecen a nosa cidade, por exemplo, no Balneario non hai Termas romanas, senón Baños porque a auga xa sae quente da terra, a corenta e dous graos. **Cal é o gran atractivo turístico da cidade?** O mundo romano e como xa temos algúns xacementos arqueolóxicos musealizados, agardamos contar dentro de pouco cun museo da romanización no Cuartel de San Fernando, con miles de pezas que se atoparon nas escavacións feitas dende 1986. **Que opinas do ascensor que fai accesible o adarve da Muralla?** As pedras non deberían ser sacralizadas, ademais a plataforma só afectaría a un trouciño do pectoril que podería non ser xa de orixe romano, e como sempre se buscou a funcionalidade do monumento, non creo que o ascensor prexudique a Muralla. Que temos que facer para valorar moito máis a nosa cidade? Hai que valorar o que temos e para valoralo temos que coñecelo. **Por exemplo, a través das túas guías divulgativas?** Si, entre elas destacou a da Muralla, a de Lugo que fala do conxunto de Monumentos, a da Catedral e a do Coro desta.

que dicían que era un impedimento para o crecemento urbanístico da cidade. Pero no caso de Lugo, non era certo xa que dentro do recinto amurallado houbo, e aínda hoxe hai, terreos libres para edificar e sempre houbo a solución de abrir novas portas para establecer unha fácil comunicación entre o centro da cidade e a periferia. Certo é que foi na década dos setenta, sobre todo, tras a eliminación das casas adosadas, cando comezou a percibirse de forma diferente o monumento, pola súa importancia histórica de mil setecentos anos de existencia, conservando e obtendo o seu recoñecemento como Patrimonio da Humanidade. Xa en 1921 foi declarada Monumento Nacional.

E que motivou esta declaración? Cinco veciños de Lugo denunciaron ao alcalde Ángel López Pérez por dinamitar unha parte da Muralla para abrir a porta do Bispo Odoario e, ao mesmo tempo, derrubáronse dous cubos para vender os solares para construír a porta da Estación. Aínda que tiñan nomes e apelidos, estes eran ficticios e iso ao alcalde non lle gustou. O Consello de Ministros ordenou agradecerlles a súa actitude cívica e declarouna Monumento Nacional, impedindo así calquera intervención do Concello. Seguramente, os denunciante utilizaron nomes falsos para evitar enfrontarse ao rexidor. **A Muralla é máis ca un monu-**

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

EXIT ERP SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

red.es KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Arroxo di que remata o mandato co programa electoral cumprido

Rubén Arroxo fai balance das actuacións executadas polas áreas da Tenencia de Alcaldía do goberno municipal ao longo do presente mandato e destacou que nas 5 áreas de goberno xestionadas polo BNG “cumplimos o noso programa electoral practicamente ao 100%”, e tamén que “Lugo pasou nestes anos por grandes cambios, levando adiante proxectos importantes tanto para o concello como para as veciñas e veciños, e executando un proxecto de cidade que mellorou Lugo”.

Arroxo afirmou que “non se pode falar deste mandato sen mencionar os cambios no espazo público”, e engadiu “no noso programa marcábase como obxectivo aumentar as zonas peonís, o calmado do tráfico, a renovación do sistema de transporte público ou a posta en marcha de itinerarios escolares seguros, accións que se traballou desde o primeiro día no goberno”.

O tenente alcalde destacou “o avance de Lugo” neste período, con 15 novas rúas peonís tanto no centro da cidade como nos distintos barrios, 18.000 metros cadrados de novos espazos peonís en zonas como a Milagrosa, o Sagrado Corazón, Recate-lo, Acea de Olga ou a Piringalla.

A Tenencia de Alcaldía traballou tamén no calmado do tráfico, “para cumprir, desde o minuto 1, o compromiso de mellorar a seguridade no espazo público”, afirmou Arroxo.

A área de Mobilidade iniciou, ao comezo do mandato, un plan de tráfico nas contornas escolares, o que provocou un efecto chamada en todos os centros de ensino de Lugo, que reclamaron intervencións nos seus entornos. “Con este tipo de accións



conseguimos que grupos de nenos e nenas poidan volver a ir ao colexio camiñando sos a través dos vieiros escolares seguros, algo que parecía imposible hai uns anos”, afirmou Arroxo, que engadiu “seguiremos avanzando para que non haxa nin un só punto da cidade no que ser un peón sexa motivo de inseguridade, cun paso máis de cara ao ano 2023, reforzando o alumeadado nos pasos de peóns”.

“Temos a muralla máis antiga do mundo que se conserva na súa totalidade, é un monumento que, polo seu contexto histórico, é moito máis importante que a torre Eiffel ou a Estatua da Liberdade”, afirmou Arroxo, que explicou que “sería inconcebible ver 15.000 coches diarios rozando as pirámides de Guiza, mais en Lugo facíano coa muralla máis antiga do mundo que se conserva completa”.

“Imos seguir protexendo a Muralla, retirando vehículos do seu redor, porque a Muralla será peonil”, afirmou Rubén Arroxo, que destacou “hoxe a Muralla xa rexistra 4.000 vehículos diarios menos, e seguiremos traballando para reducir o tráfico”.

Arroxo explicou que “seguiremos traballando para que o resto de institucións se impliquen nesta posta en valor da Muralla de Lugo”. Segundo o Tenente Alcalde é inaceptable que os orzamentos da Xunta leven unha vez máis “partidas irrisorias” para a rehabilitación do barrio da Tinería. Un barrio no que desde a chegada do PP ao goberno galego só se rehabilitou unha casa cada 4 anos. “Un PP que no 2009 renunciou ao proxecto de recuperación do Pazo de Dona Urraca, un proxecto que xa estaba adjudicado e polo que houbo que gastar cartos públicos en indemnizar á empresa para que non se executase a rehabilitación”.

“Ante isto, o modelo que executamos desde a Tenencia de Alcaldía é o de converter a Muralla de Lugo nun dos mellores monumentos do planeta, para nós e para a maioría das veciñas e veciños de Lugo xa o é, e seguiremos traballando neste camiño”, afirmou Arroxo.

“seguiremos a encher as rúas e prazas de actividade cultural, porque a cultura ten que estar na rúa, ao alcance da veciñanza, tal como fixemos e seguiremos facendo”.

Lugo ten os índices máis baixos de Galicia de inseguridade

Lugo conta cos índices de inseguridade máis baixos de Galicia que según os datos das forzas policiais, máis do 60% de delitos que se comenten na cidade son de carácter leve. Así mesmo, as ocupacións supoñen un 0,4% do total de infraccións rexistradas durante o ano pasado no municipio. Estas son algunhas das informacións aportadas durante a Xunta Local de Seguridade Local celebrada con carácter ordinario.

As forzas de seguridade pediron que non se creara unha alarma social entorno á ocupación, porque Lugo é unha cidade segura e estase traballando de forma coordinada e permanente para atallar os casos que se poidan dar, posto que un só caso xa é unha preocupación. Así mesmo, incidiron na necesidade e importancia de que os propietarios denuncien este tipo de actuacións, porque senón non é posible actuar.

Por outra banda, entre os dispositivos presentes no centro, informouse

que, ademais do reforzo da vixilancia, tamén hai un importante número de policías camuflados, e se é necesario incrementarase para atallar situacións de delincuencia. Neste senso, apuntouse que a maior parte dos casos de ocupación que se rexistran obedecen a situacións de vulnerabilidade e non están relacionados con organizacións criminais.

Así, a rexedora lamentou que “levamos máis dunha década de atraso na creación de vivenda pública de protección oficial na cidade que palie todas estas carencias e que teña capacidade de atender a demanda que existe e que afecta a familias enteiras, con menores ao seu cargo. Dúas materias nas que a Xunta mantén a titularidade”.

“A isto hai que engadir que as listas de demandantes recollidas no Rexistro Único da Xunta de Galicia, e que se incrementan cada ano, triplican ás de outras capitais semellantes, como pode ser Ourense”, engadiu.



PODEMOS. Podemos Lugo deu comezo ó ano electoral cunha asamble aberta na que militantes, inscritos e simpatizantes achegáronse ata o lugar de encontro, O Pote, para participar neste primeiro acto de campaña. No evento participaron a candidata á alcaldía Ximena Cheda con parte do seu equipo municipal.



Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

O BNG denuncia a atención precaria do PAC de Fingoi

Dende o BNG denuncian “a precariedade á que o goberno galego somete aos puntos de atención continuada, unha rede necesaria para garantir o acceso a un servizo público como é a sanidade”, segundo explicou a parlamentaria Olalla Rodil quen xunto co candidato do BNG en Lugo, Rubén Arroxo, achegáronse ata o Punto de Atención Continuada de Fingoi. A parlamentaria do BNG destacou que “o persoal do PAC de Fingoi é un exemplo da situación

precaria que está a sufrir a rede, trátase do único PAC que da atención a toda a veciñanza de Lugo, tanto da cidade como do rural”. Rodil afirmou que “é preciso dotar ao sistema público de saúde con máis recursos, tanto materiais como humanos, especialmente na atención primaria, que está a pasar por unha profunda crise”, e engadiu “o persoal sanitario está a acoller unha gran carga de traballo o que reduce a calidade da atención”.

Elena Candia reúnese coa directiva da Asociación de Xubilados e Pensionistas

A candidata a alaldía polo Partido Popular, Elena Candia, mantivo unha reunión coa directiva da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Lugo onde anunciou que creará unha concellería de maiores e declarou que “os maiores son un colectivo estratéxico para o futuro da economía de Lugo” e avoga por “dárle voz ás persoas da terceira idade cuxos coñecementos son moi valiosos para desenvolver programas de dinamización económica ou de humanización da cidade” Candia afirma que “non podemos permitírnos perder a súa valiosa experiencia, é hora de dárles o protagonismo que merecen, cun papel activo que non só se limite a accións de envellecemento activo e saúde” e “estamos en débeda con eles, e é a nosa obriga escoitalos e ter en conta as súas opinións, preocupacións e gustos co obxecto



de satisfacer, na medida do posible, as súas demandas” A candidata popular tamén compartiu coa Asociación de Xubilados e Pensionistas de Lugo a preocupación pola soidade nos maiores o seu apoio ás demandas da Asociación de Xubilados e Pensionistas para que “se lle facilite a este colectivo as tramitacións na banca ou na Axencia Tributaria ou no INSS”.

O Parque de Bombeiros conta con dez novas incorporacións

O Parque de Bombeiros local incorpora dez novos bombeiros interinos que realizaron a toma de posesión, sumándose ao equipo despois de realizar o proceso de oposición libre. Con estas novas incorporacións o Parque conta cun total de 54 bombeiros, ademais doutros dous en réxime de interinos, elevando o a 56 o número total. A toma de posesión deste dous bombeiros interinos suma novos efectivos cos que cumpre co obxectivo de cubrir o 100% do cadro de persoal incluído na Relación de Postos de Traballo do Concello (RPT), por primeira vez na historia. Estas incorporacións proceden do desenvolvemento das ofertas públicas de emprego iniciadas no mandato anterior. O Concello de Lugo e o Grupo Si-



degal veñen de firmar un convenio para favorecer que os Bombeiros de Lugo realicen prácticas de excarceración con vehículos sinistrados. Esta contribución axudará á mellora da formación do SPEIS municipal ante este tipo de intervencións ás que os

seus efectivos se enfrontan no día a día utilizando automóviles de desguace que, logo de sufrir algún tipo de colisión teñan rematado a súa vida útil e reúnan as características propias dun accidente con vítimas atrapadas.

Reforman a zona de triaxe e as urxencias pediátricas do HULA

As urxencias pediátricas no Hospital Lucus Augusti de Lugo están sendo reformadas para diferenciarlas do resto de urxencias médicas e tamén se ampliará a área de triaxe para implementar un segundo posto. A portavoz de sanidade apuntou que esta actuación nas urxencias pediátricas do HULA, que abarca unha superficie de case 500 metros cadrados, desenvolveuse en tres fases: unha xa está operativa, outra estaraos nos vindeiros días e a última prevese o seu remate para finais do vindeiro mes de febreiro. Por outra banda, o BNG deman-

dou no Parlamento a habilitación dunha sala de agarda digna para as crianzas e familias que agardan nestes servizos de Urxencias Pediátricas do HULA. A deputada por Lugo, Olalla Rodil, declarou que, se ben o BNG non pon obxección ao traslado das Urxencias Pediátricas dentro do hospital, este traslado non pode conlevar situacións como “non atopar espazo nin suficiente nin debidamente acondicionado para agardar a súa quenda”, como ocorreu nos meses de novembro e decembro, coa suba de casos de enfermidades respiratorias en nenos e nenas.

Valirey, distribuidora de MásMovil, muda de dirección

Valirey, a empresa distribuidora da compañía MásMovil, muda a súa dirección despois de máis de dous anos ubicados na Ronda das Fontiñas. A partir de agora esta tenda de telefonía fixa, internet, telefonía móbil e enerxía estará ubicada na Ronda das Mercedes número 48, entreplanta, onde seguirán atendendo aos clientes e traballando por seguir medrando. MásMovil ofrece tamén enerxía con opcións para que o cliente teña un aforro na factura mensual. Actualmente a empresa, que ten o seu núcleo de distribución na cidade, vende tamén polo resto do territorio peninsular.



Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com



INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Poigono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951



GEOCLIMA ST
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO



REFRIGERACIÓN



CALEFACCIÓN



SOLAR TÉRMICA



BIOMASA

Rúa das Mercadorias, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo
982 814 147 / 636 462 063
www.geoclimast.com



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

“A integración sensorial fai énfase na interacción e no xogo”

Carmen Díaz-Mor, terapeuta ocupacional de atención temperá no Hula

Falamos con Carmen Díaz-Mor, terapeuta ocupacional de atención temperá no Hospital Universitario Lucus Augusti, sobre a sala de integración sensorial, un espazo novidoso de terapia para os nenos e nenas.

Que é atención temperá e en que consiste o traballo dunha terapeuta ocupacional?

A atención temperá é un conxunto de medidas e actuacións dirixidas á poboación infantil de cero a seis anos, ás súas familias e a súa contorna, para a prevención e detección precoz de calquera alteración, trastorno ou desharmonía no desenvolvemento nas áreas motoras, sensoriais e/ou cognitivas ou con risco de padecerlas. Tamén é poñer en marcha, nos casos que se precise unha intervención integral dirixida a mellorar e potenciar ao máximo o desenvolvemento das capacidades físicas, psíquicas, sensoriais e sociais deses nenos/as desde os primeiros momentos da súa vida, para evitar ou minimizar o agravamentos dunha discapacidade. De aí a importancia de que o sistema sanitario implicado estea coordinado para unha pronta atención dos casos.

O Comité Europeo de Terapeutas Ocupacionais define a Terapia Ocupacional como a profesión da saúde que se fundamenta no coñecemento e a investigación da relación que existe entre a saúde, a ocupación e ambiente no benestar da persoa ante a presenza de limitacións físicas, cognitivas, sociais, afectivas e/ou ambientais que alteran o seu potencial de desenvolvemento e o seu desempeño ocupacional; que utiliza actividades significativas para a persoa tendo como obxectivo final

restaurar, manter e/ou desenvolver habilidades necesarias para integrarse e participar na súa esfera biopsicosocial. Esta é unha das diferentes definicións da terapia ocupacional, gustárame engadir que a participación nas diferentes áreas de desempeño non son só o obxectivo para conseguir co tratamento, mediante elas facemos a intervención ocupacional; a saber, o neno ten que poder xogar e é o xogo unha potente ferramenta que nos axuda a conseguir os fins nas outras áreas.

Que é unha sala de integración sensorial?

En integración sensorial, a énfase está na capacidade do individuo para usar información sensorial e poder participar dentro de ambientes que impoñen diferentes demandas e non na execución ou aprendizaxe específico dunha habilidade motora. Búscase que o neno poida acceder ás súas habilidades motoras de forma variada para responder a diversas demandas dentro do ambiente. Fai énfase na interacción e no xogo como motivadores, en lugar de seguir instrucións. O desenvolvemento normal baséase na habilidade dos sistemas para procesar e integrar eficientemente esta información sensorial e responder apropiadamente. A sala de integración sensorial é unha sala provista de todo o material necesario para proporcionar esa información sensorial, ten randeiras de diferentes formas para combinar diferentes *inputs*, ten piscina de bólas, cordas colgadas para subir, teas de lycra, rocódromo se é posible e senón substitúese por outras estruturas que favorezan a capacidade de subir, tirolesa, coxíns e pelotas enor-

mes, ramplas, túneles. Quero poñer o énfase de que non é un parque de xogos, é unha sala terapéutica que debe estar organizada e promovida por terapeutas ocupacionais formadas en integración sensorial. Esta sala esta ocupada polas terapeutas ocupacionais de atención temperá durante toda a xornada de mañá e tarde.

Como xorde a creación dunha sala de integración sensorial?

Hai uns anos fixen a miña formación no modelo de integración sensorial e grazas a ela comprendín o ser humano e o desenvolvemento do neno desde outra perspectiva. Nese momento tivo sentido porqué ás veces o tratamento non era eficaz ou non se conseguía establecer unha boa alianza, supoño que se verá mellor nun exemplo.

Se un neno con dous anos e medio non dá pedais nun triciclo, é posible que nos empeñemos en suxeitarlle os pes con pedais para que o faga, e seguramente fracasemos, pero se previamente traballamos *inputs* vestibulares e propioceptivos pode suceder que o neno se baixe da randeira e pola súa propia iniciativa suba a un triciclo e comece a dar pedais. Entendendo así o tratamento, combinado con outros, considere que os nosos nenos de Lugo tiñan dereito que nun hospital público houbera todo o necesario para mellorar e conseguir os fitos evolutivos necesarios para a participación familiar, escolar, social, etc. Gustárame dicir que non debemos pensar que é a panacea e a solución a todos os nosos problemas, pero axúdanos moitísimo a conseguir as metas na intervención.



Como é o proceso de creación desta sala dentro do HULA?

A tarefa foi ardua, convencer á xerencia hospitalaria de que se gastase moito diñeiro nunha sala así ía ser difícil. Primeiro falei coa miña xefa de servizo, non lle pedín permiso para aparecer aquí, por iso respecto a súa privacidade, que deu o visto e praxe e díxome adiante. A continuación fixen escritos, entrevisteime con diferentes persoas que tiñan a capacidade de aprobar o proxecto e dar o diñeiro e non parecía que aquilo fose a ser posible, nunca me dixeran que non taxativamente, pero todo eran problemas. Estando na sala de espera para conseguir falar con outro responsable atopeime cunha persoa empática que me escoitou, xa tiñamos falado en moitas ocasións e entendía o meu traballo desde esta perspectiva, grazas a ela foi posible conseguir esta sala. As palabras dirixidas dela á persoa que ía aprobar a idea foi “por favor escoita a esta moza que é terapeuta ocupacional e quere facer unha sala moi chula para traballar cos nenos” presentelle os planos, o material necesario, o razoamento clínico, a evidencia científica e a partir de aí o soño fíxose material. Obviamente o Sergas non fai cousas caprichosas teñen que ter o aval científico demostrado, e este traballo estao. A partir de aí púxenme en contacto con provedores, orzamentos, etc. O

que realmente me pediron foi que a estrutura que se montase estivese certificada para soportar o tipo de actividade para a que estaba deseñada, por iso esta estrutura está certificada para soportar ata o peso dun coche. Tamén quixen poñer un minirocódromo pero non puido ser posible, as paredes están forradas de pracas de xeso e non resistirían o peso dun neno desprazándose polas presas, substituímolos pola espaleira que xa tiñamos previamente.

Que novidades e beneficios achega con respecto a outros métodos de terapia?

A teoría de integración sensorial é moi antiga, a persoa que investigou neste tratamento foi Jane Ayres no ano 1975. Pero é desde os 2000 cando se empeza a facer formación en España impartida pola Universidade de California. As clínicas privadas en atención infantil empézana a implementar e formar aos seus terapeutas ao verificarse o gran beneficio terapéutico que este tipo de terapia achega a nenos con Trastorno de espectro autista e en nenos con déficit de atención por hiperactividade, a partir de aí foise facendo extensiva para todo tipo de nenos con problemas de desenvolvemento. Para min non substitúe a ningún outro método, é un terapia que se complementa con outras, como o enfoque perceptual motor, neuromotor, *Floor estafe*, estimulación sensorial, enfoques conductuais, etc.

A quen está dirixida?

Lactantes e nenos pequenos, síndrome, patoloxías neurodixenerativas, nenos prematuros, metabolopatías, atraso psicomotor, nenos escolarizados de 3 a 6 que teñan dificultades de aprendizaxe, nenos con problemas de alimentación de orixe sensorial, nenos con dano cerebral, TDAH, TEA, saúde mental.

Como é un día de traballo?

Pois como en calquera outro traballo no que estean implicados os nenos, as súas familias, a escola, etc. Ás veces moi gratificante se conseguiches axudar ou cambiar algo na vida do neno, outras veces menos. Sempre me maraballo da lealdade do neno e como fai a alianza terapéutica para conseguir as metas.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates parto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L

NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS
SEGUROS GENERALES

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin **NUEVA DIRECCIÓN**
Ronda das Mercedes N° 48 entreplanta - Lugo
628 126 720 - info@valireylugo.com

O San Froilán e o turismo sostible lideran a presentación en Fitur

Maite Ferreiro asistiu á Feira Internacional de Turismo Fitur, onde Lugo mostrou o San Froilán, a gran festa do outono galego. Maite Ferreiro explicou que “o obxectivo deste ano non é novo, continuar a ensinalle ao resto do mundo o que fai especial a Lugo e convidar a todo o mundo a descubri-lo con nós, promocionando a nosa festa máis importante, unha festa que liga tradición e modernidade”. A concelleira de Turismo afirmou na presentación que “os datos están xa a demostrar que esta campaña está dando os seus froitos, e Lugo estase a posicionar como un punto importante no turismo tanto polo patrimonio co que contamos como pola proximidade co resto de Galicia”.

Ferreiro destacou que o San Froilán “marca a entrada do outono e, para moitas de nós, o comezo do ano, como se fose a entrada dun novo curso escolar, compartindo momentos e sorprendéndonos con espectáculos de todo tipo pensados para ilusionarnos, escapar da rutina e enchernos de orgullo por ser quen somos e de onde somos”. “O San Froilán é a nosa maneira de mostrarnos ao mundo”, explicou a concelleira de Cultura, que engadiu “as persoas que nos visitan durante as festas non o esquecen e levan polo mundo adiante a historia de Lugo”. “Convidamos a todas e todos a Lugo nos seus mellores días para compartir con nós as nosas festas do mesmo xeito que levamos xa 268 anos a facelo”, declarou a concelleira de Cultura, que rematou a súa intervención afirmando que “o San Froilán é unha das festas de maior prestixio de Galiza, abrimos a porta ao inverno da mellor das maneiras, como só nós sabemos facelo, sanfroilaneando”.



Ademais, as tropas romanas e castrexas de Lugo conquistaron Madrid. Unha comitiva formada por preto de 150 integrantes das asociacións do Arde Lvcvs percorreu as rúas máis céntricas para dar a coñecer e multiplicar a difusión desta cita de recreación histórica que celebrará, do 22 ao 25 de xuño, a súa vixésima segunda edición.

TURISMO SOSTIBLE. O modelo de turismo sostible de Lugo, baseado na riqueza patrimonial, gastronómica e paisaxística do municipio foi presentado no Fitur e busca reforzar a marca Lugo no ámbito internacional, así o deu a coñecer a alcaldesa Lara Méndez durante o acto de presentación da campaña Vive Lugo.

“En Lugo contamos con todos os recursos necesarios para cumprir coas expectativas dos visitantes máis esixentes”, apuntou a rexedora, quen comezou o seu relato enalzando os tres Patrimonios da Humanidade: a Muralla Romana, “como sinal de identidade das e dos lucenses, da nosa forma de ser e de vivir e como representación da historia e cultura de Lugo”. A Catedral, lembrando que “foi declarada patrimonio da humanidade no ano 2015” e, por suposto, o Camiño Primitivo, “onde actual-

mente temos proxectos de mellora e actuacións claves para mellorar a experiencia dos peregrinos e impulsar esta ruta xacobeá”, referiu.

A alcaldesa deu a coñecer, así mesmo, o Plan de Turismo Sostible que se desenvolverá na cidade nos próximos anos mediante os fondos Next Generation, a través do goberno do Estado, baseado na evolución histórica e cultural que a gastronomía tivo no territorio, ampliando tamén á enogastronomía o atractivo do municipio. Deste xeito, o Concello porá en marcha un centro enogastronómico que será “un punto de referencia en Lugo, pero tamén un revulsivo para toda a provincia, pois nel porase en valor e darase a coñecer a evolución – dende o noso pasado romano, o medieval e mirando xa ao contemporáneo- da nosa cociña”. Méndez referiuse, deste xeito, á calidade e oferta gastronómica lucense, como outro dos grandes alicerces para visitar o municipio. “É de sobra coñecida a calidade dos nosos produtos autóctonos, así como do noso ‘tapeo’, unha costume moi arraigada na cidade”.

A rexedora aproveitou para falar da riqueza paisaxística da cidade, con máis de 10 quilómetros de cinto verde, á beira dos ríos Miño e Rato.

Tomé defende as aspiracións do PSOE para os comicios



Os socialistas da provincia afrontan con forza e optimismo as vindeiras eleccións municipais. Así o manifestou o Secretario Xeral do partido na provincia, José Tomé Roca, no Comité Provincial celebrado en Lugo, no que remarcou que “as políticas socialistas son a única arma de esperanza para unha grande maioría social que tamén ten dereito a unha vida digna e a poder avanzar en igualdade, dereitos e oportunidades”.

O líder socialista dixo na súa intervención diante dos militantes “que no noso ADN político están a liberdade e a igualdade e tamén o benestar de todas e de todos, especialmente daqueles que máis necesitan da política e da democracia para vivir dignamente. Temos, pola contra, unha dereita española e excluín-te, a dereita do PP de Feijóo que nin está nin se lle agarda”. En clave municipal dixo que “debemos saír con forza renovada iniciando un tempo de traballo continuado ata o 28 de maio, onde teremos que afrontar o desafío de reforzar o noso liderado municipal e consolidar a confianza maioritaria dos nosos veciños. E incidir, “partimos dunha situa-

ción orgánica e institucional que nos sitúa como primeira forza política da provincia, gobernamos o maior número de cidadáns, un gran número de concellos, as principais vilas e centros comarcais, a capital e a propia Deputación Provincial”. “Contamos con máis de 300 cargos públicos, o poder inesgotable da militancia, con máis de 2.000 militantes, e un apoio social importante, apoio que deberemos engrandecer para acadar os resultados necesarios para este proxecto de progreso e modernización que ambicionamos como partido dos socialistas lucenses”.

Tomé Roca marcou os obxectivos de cara ás eleccións municipais. “Temos un gran partido, temos xestión máis que suficiente e temos uns obxectivos electorais claros que acadar nas eleccións de maio. Queremos presentar candidatura socialista nos 67 concellos da provincia, acadar representación municipal en tódolos concellos, manter e reforzar as alcaldías actuais, sumar novas alcaldías e por último, asegurar a continuidade dun goberno de esquerdas e presidido por socialistas na institución provincial”.

Retómate, o novo grupo de apoio para persoas con TCA

Nace en Lugo Retómate, un grupo de apoio para persoas que sofren trastornos da conduta alimentaria, como anorexia, bulimia ou relacionados coa autopercepción e a distorsión da imaxe corporal.

Retómate non nace como un grupo de expertos senón como un grupo de familiares que buscan apoio e sentirse acompañadas neste duro proceso.

Na súa conta de instagram comparten reflexións e problemas que existen entorno as enfermidades de TCA e falan de casos de persoas coñecidas.

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatológico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

BE MER

Recorta este anuncio, pide tu cita y disfruta de **¡10 sesiones GRATIS!**

Últimamente podemos ver a diario en la prensa el titular: **“HAY UN ESTUDIO QUE DICE...”**

En BEMER tenemos más de 50 estudios científicos que hablan de la terapia físico vascular y sus beneficios en la salud del cuerpo humano.

PRUEBALA EN

Verxel

HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es www.verxel.es

Un dispositivo de vixilancia controlará a ocupación das terrazas de hostalaría

Xa están concretados os detalles dos dispositivos de vixilancia que o Concello está a desenvolver para garantir que as terrazas de hostalaría se axusten ao espazo que teñen concedido e non causen prexuízo á convivencia cidadá. O operativo obedece á necesidade de garantir que este tipo de instalacións non superan a ocupación autorizada nin afectan á seguridade peonil, logo de que a rexedora anunciara unha prerrogativa ao sector para mantelas co fin de paliar os complexos momentos económicos derivados da suba da inflación.

Desde xeito, Lara Méndez avanzou que axentes do Corpo supervisarán con rigorosidade que se respecten as delimitacións establecidas. “Un labor que se intensificará e no que cotexarán as dimensións sinaladas nas autorizacións co espazo real que acaparan na vía, evitando ex-



cesos indebidos que comprometan a protección das e dos viandantes e mesmo o acceso aos inmobles”, afirmou.

A alcaldesa recordou que a medida terá carácter extraordinario e temporal, mentres non entra en vigor a nova Ordenanza que regulará a homoxeneización das terrazas, cuxa elaboración se atopa xa moi avanzada. En 2023 retómase o cobro da taxa municipal, despois de tres anos de exencións.

Descartada a negligencia grave dos investigados polo expediente da Fábrica da Luz

O instrutor do procedemento para a existencia de responsabilidades derivado da xestión da concesión da Minicentral Hidroeléctrica da Fábrica da Luz vén de descartar, na súa contestación ás alegacións e trámite de audiencia previo á proposta de resolución, que tanto o titular naquel momento da área de Desenvolvemento Sostible como o funcionario responsable do contrato cometeran dolo, culpa ou negligencia graves na abordaxe do devandito expediente. Tal e como esixe o procedemento legal en curso para que a acción de regreso por parte da Administración sexa viable á hora de esixir que ámbolos dous respondan co seu patrimonio persoal á indemnización abonada á empresa concesionaria.

Desde xeito, o instrutor deixa constancia, en reiteradas ocasións, durante o seu informe de que o feito principal dos cargos investigados – a solicitude de prórroga fóra de prazo – tivo o seu orixe na equivocación do responsable do contrato sobre o prazo no que esta se podía solicitar e estima as alegacións presentadas polas partes ao respecto nas que queda constancia de que nin a empresa concesionaria, nin a propia Confederación Hidrográfica parecían ser coñecedoras desa limitación

temporal ao non telo advertido en ningún momento. De feito, se ten en conta que a propia CHMS non denegou a prórroga e os requirimentos que fixo ao Concello para que se instara á mesma ían tamén fóra do prazo establecido en dous meses de antelación ao remate das obras.

No caso do funcionario municipal, o instrutor achácalle unha conduta omisiva e de falta de dilixencia pero que non reviste gravidade ou a notoriedade que requiriría para ser considerado responsable dos feitos e esixirlle o reintegro da indemnización abonada á empresa, ao non estar ante a comisión de ningunha ilegalidade manifesta, cualificada e intencionada, senón máis ben ante unha irregularidade administrativa non intencionada e excusable por non advertir do incumprimento dun prazo legal.

E, en canto ao ex edil, exímeo de responsabilidade na súa condición de cargo político ao que non se lle pode esixir coñecementos técnicos ou xurídicos tan específicos tendo en conta, ademais, que, polo xa relatado, queda acreditado que non era coñecedor da obriga de solicitar a prórroga con dous meses de antelación nin tivera recibido ningún aviso ou advertencia ao respecto.

O Concello xa pode dispoñer dos presupostos do ano 2023

O Concello de Lugo pode dispoñer xa dos presupostos do 2023 uns dos Orzamentos máis cuantiosos dos últimos anos que superan os 118 millóns de euros.

A alcaldesa, Lara Méndez, referiuse a eles como “a ferramenta imprescindible” que permitirá seguir ofrecendo á veciñanza unha ampla carteira de servizos públicos de calidade pero tamén concluír os proxectos programados, “nun contexto económico moi complexo no que a súa finalidade será, ademais, a de paliar as consecuencias do encarecemento do custo de vida sen frear o avance e crecemento do municipio e evitando, alén, que se incrementen os casos de vulnerabilidade. É por iso, que un ano máis, destinaremos preto do 30% dos mesmos a políticas asistenciais – lembrou a rexedora – co obxectivo de manter o escudo creado xa durante a pandemia e que agora debe atender tamén ás novas circunstancias sobrevidas sen dimi-

nuír a calidade das prestacións públicas”, afirmou.

Segundo Lara Méndez estas contas posibilitarán, entre outras actuacións, “seguir ampliando o número de espazos peonís, crear novas zonas verdes, parques infantís e áreas de espaxamento e, mesmo tamén, deportivas. Seguir avanzando na mellora da conectividade de Lugo, protexendo o seu patrimonio e incrementando as infraestruturas e dotacións, tanto na cidade como no rural coa perspectiva de xénero e a loita contra o cambio climático como eixes transversais de todas as intervencións”, sostivo a alcaldesa.

Méndez destacou, igualmente, o esforzo inversor que se fará encamiñado a culminar a segunda gran transformación da cidade, a súa dinamización económica, a innovación e o emprendemento, cuestións todas de vital importancia para un crecemento económico sólido e continuado. “Para que poidamos seguir

medrando, resistindo e respostando de forma proactiva aos retos que impón o contexto global” dixo, en alusión á estratexia Lugo Transforma. O anuncio do documento no BOP foi o derradeiro trámite que permitirá á Administración comezar a dispoñer dos fondos dende xa mesmo, sendo un dos poucos Concellos galegos que contarán con practicamente o exercicio enteiro para materializalos.

A rexedora quixo destacar, alén, o feito de que durante o proceso de alegacións, que rematou o pasado mércores, 11 de xaneiro, non fora presentada nin unha soa reclamación ao respecto nin por parte de colectivos ou particulares, nin tampouco pola dos grupos da oposición que se ben, como xa é costume, rexeitaron estas contas tampouco achegaron, nos cauces establecidos, ningunha outra proposta para modificálas, o que – considera – é a maior evidencia da súa falta de traballo e compromiso con Lugo.

Incorporan novas varredoras eléctricas e silenciosas



Presentáronse os novos equipamentos que, dende esta mesma semana, se incorporan ao servizo municipal de limpeza viaria, duplicando o número de máquinas que actualmente realizan ese labor en beirarrúas e prazas.

Até mediados de febreiro, irán entrando en funcionamento, de forma paulatina, un total de 6 varredoras e dúas baldeadoras 100% eléctricas e que, proximamente, o farán outras tres varredoras máis de gran envergadura para calzadas. Trátase de vehículos equipados ao máximo.

No caso das varredoras, que poderán circular a unha velocidade máxima de 25 km/h, están dotadas coa mellor batería da súa clase o que redundará na súa operatividade e vida útil. Cunha carga de ata 1.200 kg de peso contan con dous cepillos de varrido frontal e unha

tolva de aluminio con sistema de reciclado de auga mentres que as baldeadoras, que poden alcanzar os 40 km/hora, levan conexións hidráulicas dianteiras e traseiras, con acoplamentos para bomba de auga, fregadora, etc que mesmo permiten o seu funcionamento con cadeas de neve. Características técnicas, todas elas, que reverterán directamente na súa versatilidade e que aumentarán a eficacia das tarefas de aseo.

A concesionaria comezou a impartir a formación correspondente ao seu manexo entre o persoal autorizado – que superará a quincena de operarios e operarias – con indicacións sobre como mellorar o rendemento dos traballos e nocións de seguridade relacionadas co tipo de carga destes vehículos en comparación cos que dependen de combustibles fósiles.

O PP lamenta que se atrase unha vez máis a licitación do novo pavillón

O Partido Popular critica que se atrase de novo a licitación da redacción do proxecto para o novo pavillón multidisciplinar debido a que “a mesa de apertura de ofertas para os pregos de licitación da redacción do proxecto, programada para o 3 de xaneiro deste ano, tivo que suspenderse por falta de quórum”. “Vemos como ata as xestións administrativas máis simples e rutinarias son capaces de enredalas ata o punto de bloquear calquera tipo de tramitación administrativa”, lamentan.

“O novo pavillón multidisciplinar de Lugo segue a ser unha quimera, o que demostra que Lara Méndez nunca tivo intención de dotar a Lugo desta tan necesaria infraestrutura deportiva”. Para Mar Carballas queda clara “a reticencia do goberno de Lara Méndez para que Lugo conte con esta nova dotación deportiva” xa que “seguen dilatando” a súa execución. Un novo revés que “se suma ao que se coñeceu hai pouco máis dun mes de que o custe de edificar este inmovible aumentaba un 40%, chegando aos 4.233.306 euros”.

A concelleira popular sinala tamén que “aos pregos de licitación da obra presentáronse dous recursos de reposición, un do Colexio de Arquitectos e outro do Colexio de Enxeñeiros”.

“É moi importante a formación continuada para diferenciarnos”

Mari Luz Freije e Ana López, de Federópticos Lukus

Federópticos Lukus leva desde 2008 ofrecendo un servizo de prevención da saúde visual e auditiva coa tecnoloxía máis avanzada do sector da óptica, optometría e audioloxía. Recentemente veñen de incorporar un sistema de avaliación visual con tecnoloxía inmersiva chamado WIVI, único na cidade. Falamos con Mari Luz Freije Vilar e Ana López Andón.

Cales son os servizos máis demandados polos clientes?

Un exame sobre a súa prescrición e saúde ocular que lles ofrezca seguridade á hora de elixir a mellor opción para a súa saúde visual.

Que é o que máis valoran os clientes dunha óptica?

O que máis valoran os clientes é unha atención personalizada para cada paciente e un trato agradable.

Que é o máis importante para a saúde visual?

O máis importante é manter unhas boas normas de hixiene visual pautadas polos profesionais e facer as revisións optométricas e oftalmolóxicas pertinentes.

E da saúde auditiva?

Tamén realizar as revisións adecuadas e protexernos así dos perigos que nos pode ocasionar unha perda auditiva.

Que actividades están a prexudicar a nosa vista?

O noso estilo de vida cambiou totalmente, deberíamos estar durante dúas horas ó día con luz natural e hoxe en día é pouca a xente que pode facelo, ben por traballo, por estudos ou por ocio, que se basea maioritariamente en actividades de visión próxima como portátiles, tabletas, consolas, móbiles etc. Estas

actividades están a danar o noso sistema visual provocando un aumento da miopía, ademais cando se realizan este tipo de actividades é moi importante realizar os descansos pertinentes.

A que idade é bo facer unha primeira revisión?

É importante empezar por unha revisión optométrica pediátrica desde os 3 anos para descartar o máis temperá posible grandes erros refractivos que poidan interceder no bo desenvolvemento da visión, ou detectar ambliopías e estrabismos entre outros problemas visuais.

Como de importante é facer revisións e con que periodicidade?

Levar un bo control mediante revisións é moi importante para a prevención dun bo desenvolvemento da visión así como para a detección precoz de moitas patoloxías visuais (glaucomas, DMAE, etc.) como axentes de atención primaria que somos no ámbito da saúde visual. As revisións deben realizarse nos máis pequenos anualmente, podendo chegar a realizarse en adultos cada dous senón teñen antecedentes de enfermidades previas e non teñen signos nin síntomas de alarma.

Cales son os principais problemas da vista?

Erros refractivos sen corrixir, hoxe en día o máis destacado e en auxe é a miopía, que xa está declarada como unha pandemia mundial.

Canto evolucionou a óptica e a optometría nestes últimos anos?

Tivo unha gran evolución grazas á investigación. Apareceu un gran crecemento en novos deseños de lentes máis adaptadas para o mundo dixi-



tal, novos tratamentos para o control da miopía, novos instrumentos máis fiables, etc.

Que os diferencia doutras ópticas?

Creemos que para diferenciarnos é moi importante a formación continuada para poder aplicar os novos coñecementos e poder ofrecer ós nosos pacientes os tratamentos máis efectivos en cada momento. Tamén nos parece moi importante ter os instrumentos adecuados

para poder levar a cabo os exames da forma máis precisa posible. De feito acabamos de incorporar WIVI un novo produto inmersivo baseado na visualización 3D que permite de forma cómoda, rápida (menos de 20 min) e con plena liberdade, avaliar as capacidades do sistema visual, así como o deseño e aplicación do tratamento por medio dun adestramento adecuado da visión para a mellora e estandarización desta.

QUE SERVICIOS OFRECEN?

- En Federópticos Lukus temos servizos optométricos e auditivos. Nos optométricos ofrecemos revisións completas que inclúen: prescrición óptica, medida da tensión ocular, control do polo anterior do ollo mediante lámpada de fendadura, topografía corneal, control de screening de polo posterior (retina) mediante retinografía e tamén realizamos exames específicos para baixa visión e a correspondente prescrición das axudas visuais. Tamén ofrecemos servizos máis específicos como adaptación de lentes de contacto brandas para todo tipo de erros refractivos incluso multifocais, lentes de contacto ríxidas, adaptacións especiais como orto-k e esclerais para cór-

neas irregulares (ectasias corneais, queratoconos), exames específicos para control de miopía con seguimento mediante biómetro, exames específicos de ollo seco, exames completos de visión binocular e acomodadizo, tratamento de disfuncións de visión binocular mediante terapia visual ou mediante Wivi.

- Na parte de servizos auditivos ofrecemos revisión mediante otoscopia dixital (exploración de canal auditivo e tímpano), timpanometría (para comprobar a mobilidade do tímpano), audiometrías aéreas e óseas, logaudiometría, adaptación de próteses auditivas, realización de impresión e moldes de protección auditiva.

O TSXG rexeita paralizar o expediente dos repartidores de Glovo en Lugo

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) rexeitou a medida cautelar solicitada pola empresa Glovo na que pedía que se paralizase a tramitación do expediente relativo aos dereitos de cotización dos traballadores ou colaboradores de repartición que tramita a Unidade Especializada da Seguridade Social da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo.

A compañía alegaba “a existencia de irregularidades procedementais”, das cales derivaría a nulidade dese expediente. Así, segundo consta no auto do TSXG, puxo de manifesto que se están tramitando procedementos análogos en 37 provincias, polo que considera que a unidade inspectora carece de competencia, a cal, segundo Glovo, debería recaer na Dirección Especial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de ámbito estatal.

Os maxistrados indican na resolución que a Seguridade Social explicou que “non hai normativa legal nin regulamento de onde se poida deducir a obrigatoriedade de que as actuacións de inspección sobre empresas supaautonómicas deban necesariamente subsumirse pola Dirección Especial de Inspección en todos os casos”.

A sección segunda da Sala do contencioso-administrativo do TSXG rexeita no auto as alegacións da empresa. Así, destaca que “non se evidencia a produción de danos irreparables, que en calquera caso serían indemnizables pola Administración” en caso de prosperar a demanda de Glovo. Ademais, o tribunal asegura que “non se aprecia” que a Administración “actuase fóra da súa competencia ou á marxe do procedemento legalmente establecido”.

MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

**De las más prestigiosas marcas del mercado*

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

FELIZ SAN

FLORISTERÍA ROSE FLOR

Valentin

San Roque, 173 Bajo - Lugo

982 223 504

680 453 401

ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO



Preocupación polo parque eólico do Picato, que será visible dende a Muralla

Ecoloxistas en Acción e Adegamosan a súa preocupación pola futura construción do parque eólico do Picato que se instalará a moi pouca distancia da cidade de Lugo. Dende Adegamosan declaran que “sentímonos coa responsabilidade de informar á veciñanza dos concellos de Lugo e Guntín sobre as importantes afeccións negativas que esta instalación provocará sobre o medio ambiente, o patrimonio cultural, a poboación, e as actividades produtivas e negocios existentes nestes concellos”.

“O Parque eólico Picato inclúe 11 aeroxeradores de 150 metros de altura, un centro de transformación e unha ampla rede viaria, entre outros, que se localizarían integramente sobre Zona Tampón da Reserva da Biosfera. O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño, indica que nas zonas tampón, tamén chamadas zonas de protección de zonas núcleo, só poden ter lugar actividades com-

patibles cos obxectivos de conservación. A implantación dunha central de produción de enerxía eléctrica mediante aeroxeradores non cumpre co Plan de Xestión nin coa normativa vixente” informan desde Adegamosan.

Por outra parte un informe técnico de Ecoloxistas en Acción alerta “dos graves impactos que o parque eólico Picato pode ter sobre Lugo, a súa muralla romana e o Camiño de Santiago, Patrimonio da Humanidade”. “A poligonal do parque eólico está trazada sobre o Camiño Primitivo, e a maioría dos aeroxeradores están proxectados nunha liña paralela á vía de peregrinación, polo que a súa visión dende o Camiño Primitivo é practicamente constante dende a saída da cidade de Lugo”, declaran dende Ecoloxistas en Acción.

Segundo o informe “os 13 aeroxeradores a instalar provocarán a descontextualización do patrimonio cultural e un impacto visual e paisaxístico irreparable”.

Habilitan un paso peonil que unirá Meilán e Garabolos

Rubén Arroxo anunciou os traballos para habilitar un paso peonil seguro entre Meilán e Garabolos. Arroxo explicou que “trátase dunha intervención que permitirá mellorar a unión entre a zona rural e a zona urbana de Lugo de maneira accesible, ao mesmo tempo que damos resposta a unha solicitude da veciñanza, que ata o de agora non contaba cunha ruta peonil axeitada”.

O treito a mellorar corresponde á unión entre a rúa dos Chaos, en Meilán, coa Avenida de Garabolos, unha zona na que actualmente existe un camiño de terra de ancho moi escaso. Os traballos que executará a Tenencia de Alcaldía consisten na habilitación de novas beirarrúas de formigón ruleteado en todo o treito, o que



facilitará unha maior adherencia e aumentará a accesibilidade. O ancho de todo o percorrido variará entre o 1,40 e os 2 metros, segundo a orografía do terreo. O acabado terá cor verde, o que facilitará unha mellor integración no entorno. Nas zonas xunto aos pa-

sos de peóns, disporanse baldosas de botóns e direccionais, de acordo á normativa vixente. “Seguimos traballando para mellorar a unión da zona urbana co rural, facilitando que a veciñanza conte con camiños que garantan a accesibilidade”, explicou Arroxo.

A veciñanza do Carqueixo expón as súas necesidades á alcaldesa

Unha reunión mantida coa veciñanza do Carqueixo serviu para abordar os compromisos xa executados e estudar as súas novas demandas. A alcaldesa valorou cos residentes da zona as obras realizadas como a recente ampliación dos puntos de luz en As Chousas Vellas e avanzoulles que se ampliará a rede de abastecemento na zona e que estudiarase o proxecto de saneamento.

A este respecto, o goberno local lembroulle á veciñanza que seguirá a esixirle á Xunta que destine os máis de 11 millóns de euros do canon da

auga que o Concello leva transferido ao Goberno galego para que atenda ao saneamento, “xa que aínda non reverteu nin un só euro”.

Así mesmo, a rexedora avanzoulles próximas melloras no servizo de recollida de lixo como o cambio de ampliación de colectores e a entrega de composteiros, entre outras. Abordouse tamén as obras desenvolvidas en Castelo e a situación causada polo desprendemento de terra, onde o Concello está a estudar a realización dun estudo xeotécnico para valorar a estabilidade do noiro.

Convocados os premios ao desenvolvemento das zonas rurais

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a convocatoria e as bases reguladoras da XIV edición dos Premios ao desenvolvemento rural de Galicia. A dotación orzamentaria total que destina a Consellería do Medio Rural a estes galardóns é de 80.000 euros, a razón de 10.000 euros para cada un dos gañadores participantes nas oito categorías establecidas. O obxectivo destes premios é recoñecer por parte do Goberno galego aquelas iniciativas que contribúan de xeito singular a promover o medio rural e a xerar unha sociedade rural máis dinámica e cohesionada, tal e como se explica nas bases e na convocatoria.

Na resolución indícase que existen oito categorías: de mocidade, para persoas de menos de 40 anos; paisaxe rural, para iniciativas de intervención, mellora e posta en valor das paisaxes rurais produtivas de Galicia nas que se integren os elementos e valores culturais e naturais co aproveitamento agrario; de interese social, para aqueles proxectos orientados á integración de colectivos desfavorecidos ou do coidado dos maiores; categoría de turismo; do sector agrogandeiro; de mulleres, para iniciativas levadas a cabo ou encabezadas por elas; de innovación tecnolóxica e, por último, de recuperación e posta en valor da terra agraria.

A TENDA DE FINGOI

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

PANADERÍA

FRUTERÍA

ALIMENTACIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409

14 DE ENERO

Inicio JORNADAS DEL COCIDO

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO. LUGO - TEL.: 982 216 536

www.raxeriaalaxa.com

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Martiño de Ombreiro

Un dos puntos de referencia é a ponte, que está construída en granito e conta con catorce ollos

San Martiño de Ombreiro é unha das parroquias nas que se divide o concello de Lugo. Situada a menos de dez quilómetros da capital, está formada por once núcleos que son: Airexe, Cucurela, Amedín, Bandelo, Cristimil, Lagoas, Caballo, Ponte, Regueiro, Riazón e Trasnarla. Xuntos suman un total de máis de cento cincuenta habitantes. Un dos puntos de referencia da localidade é a Ponte de Ombreiro, que está construída en granito e conta con catorce ollos apoiados sobre grandes pilastras con remates semicirculares. Xunto á ponte consérvase aínda un muíño en funcionamento que conta con dúas alturas. A igrexa parroquial de San Martín atópase en Regueiro, de construción barroca, este edificio relixioso conta cunha planta rectangular dunha soa nave e está realizado en pedra. O corpo da nave ten unha cuberta a dúas augas en lousa mentres que a do presbiterio é a catro augas. Tanto en Regueiro como en Amedín

podemos observar casas de construción en granito con hórreos feitos no mesmo material, esta arquitectura tradicional agraria está moi ben representada en toda a parroquia. Camiñando por Riazón podemos atopar unha pequena capela adicada a San Roque e construída en perpiaño de granito que conta cunha soa nave de planta rectangular. Cos seus muros encintados en branco esta pequena igrexa ten unha cruz de pedra que remata o conxunto. Se continuamos paseando por esta aldea tamén atoparemos a Torre Riazón, incluída como Ben de Interese Cultural de Galicia e que actualmente se atopa practicamente en ruínas quedando en pé só unha parte dun dos seus muros. A construción data de finais do século XVII ou principios do XVIII e xa figura en documentos do ano 1721. É unha torre de planta rectangular que antigamente contaba con tres plantas e un acceso a través dun arco de medio punto e que



actualmente comparte un dos seus muros cunha vivenda privada. O escudo que pertencía á torre atópase gardado no Museo Provincial de Lugo. Unido a estes bens patrimoniais a parroquia de Ombreiro garda grandes espazos naturais que nos permitirán desfrutar da Reserva da Biosfera Terras do Miño camiñando pola ribeira do río. Esta área natural protexida é de grande interese medioambiental e conta cunha gran riqueza paisaxística, con bo tempo é recomendable subir ás partes máis altas da parroquia, o monte Ombreiro, dende onde poderemos desfrutar dunhas bonitas vistas.



Librería Troll

Todo lo que necesitas para tu oficina lo tenemos

Y para archivar también

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

A volta ciclista O Gran Camiño arran

A Vicepresidencia da Deputación patrocina a proba, que consta de 191 quilómetros e o paso por 13 concellos da provincia

A primeira etapa da volta ciclista profesional O Gran Camiño, patrocinada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, traerá algúns dos mellores ciclistas e equipos internacionais as comarcas de Lugo, Sarria, A Ulloa, Chantada e Lemos. O percorrido completo da etapa, que se disputará o vindeiro 23 de febreiro, desvelouse en Compostela, na presentación oficial da volta, coa presenza do deputado de Deportes, Efrén Castro. Tras confirmarse a finais de decembro que a saída será en Lugo - coa Muralla como pano de fondo - e a chegada en Sarria -localidade de referencia do Camiño de Santiago- concretouse o itinerario do pelotón, con paso polos concellos de Lugo, Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada, O Saviñao, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Bóveda, o Incio, Samos e Sarria. Un total de 191 quilómetros, con tres portos de montaña: Alto de Fontenla (2ª categoría), Cruz do Incio (3ª categoría) e San Fiz (3ª categoría). Efrén Castro sinalou que “esta segunda edición de O Gran Camiño ofrece unha oportunidade única para amosar con orgullo ao mundo o patrimonio cultural e natural de Lugo e das comarcas do Sur, xa que a presenza dos grandes nomes do ciclismo internacional asegura a atención mediática e deportiva sobre a proba”.

O responsábel provincial referiuse ao “deseño do percorrido que, co Camiño como

referencia, leva os ciclistas por algúns dos monumentos e espazos naturais máis emblemáticos da metade sur da provincia -desde a Muralla ou o mosteiro de Samos ata a praia da Cova – e achega o espectáculo deportivo ás localidades, comezando no propio centro histórico de Lugo e atravesando núcleos coma Guntín, Taboada, Chantada, Escarón, Monforte, Bóveda, O Incio, Oural, Samos e finalizando un ano máis no corazón de Sarria durante 191 quilómetros”.

MURALLA

A presentación achegou tamén detalles sobre o inicio da proba, no que o protagonismo será para a Muralla de Lugo. A etapa comezará cunha rolda de presentación dos equipos no monumento Patrimonio Mundial da Humanidade. O tenente alcalde Rubén Arroxo agradeceu á organización e á Vicepresidencia da Deputación de Lugo que “contasen con Lugo para a saída da proba, poñendo o foco sobre o noso elemento patrimonial máis emblemático, un ben patrimonio mundial que queremos seguir promocionando a nivel internacional e que a través das canles de difusión deste evento se verá en pantallas en decenas de países”

OS EQUIPOS

A organización confirmou a presenza na proba do Team Jumbo-Visma Cycling, Movistar,



Astana, Cofidis, Eolo Kometa e Corratec, e de nomes propios como o do vixente campión do Tour de Francia, Jonas Vingegaard. Tamén nas estradas, devolveu aos galegos a posibilidade de gozar dunha volta ciclista profesional 20 anos despois da última Volta a Galicia destas características. A etapa lucense, o 23 de febreiro, será a primeira das catro da volta, que contará con

unha en cada provincia. Rematará na Praza do Obradoiro. O acto de presentación celebrouse na Praza da Mosqueira, coa participación tamén da vicepresidenta da Deputación de Lugo, Maite Ferreiro, a concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, Cristina López, e o concelleiro de Infraestruturas, Álex Penas.

ITINERARIO	HORARIO	
	38Km/h	42Km/h
KM 0. Cruce con Forum Lugo	10:30	10:30
GUNTIN, rotonda	10:56	10:53
AS NEVES, N-540, dirección Chantada	11:19	11:14
TABOADA, avenida de Lugo	11:30	11:25
CHANTADA, avenida de Lugo	11:50	11:42
A PORTADA, por LU-P-1801	11:53	11:45
LÍNCORA, cuce esquerda dirección Belesar	11:55	11:47
SAN PEDRO DE LÍNCORA por LU-P-1804	11:56	11:48
VILACHÁ	11:57	11:49
ALEMPARTE	11:58	11:50
OS QUEIXEIROS	11:59	11:51
VILANOVA	12:00	11:52
BELESAR	12:04	11:55
PRAIA DA COVA - COMEZA PORTO	12:15	12:05
SEOANE por LU-P-5801	12:19	12:09
PREMIO DE MONTAÑA, ALTO DE FONTENLA. 2ª CAT	12:23	12:12
LINCIN, por LU-P-4102	12:24	12:13
VILASANTE - ESCAIRÓN, avenida Juan Forcados	12:27	12:16



anca na Muralla



Gran Camiño atravesará un total de 13 concellos da provincia: Lugo, Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada, Saviñao, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, Bóveda, O Incio, Samos e Sarria



A Muralla, en pantallas de todo o mundo

Lugo e a súa Muralla serán o punto de inicio da volta ciclista profesional O Gran Camiño. Esta proba permitiu o ano pasado que as paisaxes galegas chegasen a millóns de espectadores de todo o mundo a través das súas canles de difusión e, principalmente, da emisión de Eurosport, constituíndo unha auténtica “xanela ao mundo” para Galicia. O tenente alcalde Rubén Arroxó agradeceu á Deputación e á organización que “contasen para a saída da proba con Lugo, e concretamente coa Muralla de Lugo, un patrimonio que

temos que seguir potenciando. Unha boa forma de facelo é con eventos coma este, que se vai poder ver en pantallas de todo o mundo”. Efrén Castro sinalou a “capacidade que ten o ciclismo para mostrar o noso país” e enmarcou, nese contexto, “a decisión sobre o percorrido, que ten como referencia dous puntos icónicos, como son a Muralla de Lugo e o Camiño Primitivo, na saída, e Sarria, referente do Camiño Francés, na chegada”. A falta de concretar o trazado, adiantou que “será un escaparate para

o patrimonio arquitectónico e natural de Lugo e do sur da provincia, achegando o pelotón ás localidades”. O Gran Camiño, que a pasada edición pechou cunha contra o reloxo en Sarria, permitiu o ano pasado que as paisaxes galegas chegasen a millóns de espectadores de todo o mundo a través das súas canles de difusión e, principalmente, da emisión de Eurosport. Tamén nas estradas, devolveu aos galegos a posibilidade de gozar dunha volta ciclista profesional 20 anos despois da última Volta a Galicia destas características.



ITINERARIO	HORARIO	
	38Km/h	42Km/h
ESCAIRÓN, Pardo Bazán, Ramón y Cajal. LU-617	12:27	12:16
TUIRIZ, seguir por LU-617, dirección Monforte	12:33	12:21
CONCELLO MONFORTE DE LEMOS	12:37	12:25
MONFORTE DE LEMOS, rotonda enlace corredor	12:46	12:33
A POBRA DO BROLLÓN, rotonda dirección A Cereixa	13:15	12:59
NOGUEIRAS, cruce xiro á dereita por LU-652	13:19	13:03
BÓVEDA, xiro dereita por avenida Alfonso XIII	13:36	13:18
LAIOSA, seguir por LU-644	13:46	13:27
CRUZ DO INCIO, rúa Quiroga Ballesteros	13:54	13:35
PREMIO DE MONTAÑA, ALTO CRUZ DO INCIO. TERCEIRA CATEGORÍA	13:54	13:35
CONCELLO SAMOS	14:11	13:50
OURAL, rúa Conde Rodrigo Suárez	14:26	14:03
SARRIA, rúa Benigno Quiroga	14:36	14:13
SAMOS, avenida Compostela,	14:57	14:31
PREMIO DE MONTAÑA. SAN FIZ. 3ª CAT	15:07	14:41
SARRIA	15:25	14:57
META. RÚA CALVO SOTELO	15:26	14:58

O Concello intensifica a limpeza de pintadas a demanda veciñal

A Concellería de Medio Ambiente está a realizar un intenso labor de limpeza das pintadas en rúas, fachadas e mobiliario urbano da cidade. Tan só no 2022, a Administración local gastou preto de 37.000 euros na eliminación de pintadas, e dedicáronse 245 días a estes traballos. Existe a disposición da cidadanía un servizo gratuíto de limpeza de fachadas, que atendeu 118 demandas co fin de manter unha imaxe pulcra da cidade. Para mellorar o borrado, o novo servizo de limpeza da cidade, Lucelugo, incorporará en breve maquinaria con vapor, que permitirá

maior axilidade e un mellor lavado. Para solicitar o servizo de limpeza de pintadas é necesario cubrir este impreso que figura na ligazón da web do concello debendo achegar a solicitude debidamente cumprimentada e a documentación acreditativa da propiedade ou representación da comunidade de veciños do edificio. Fronte ao feísmo e as pintadas indiscriminadas, deuse un importante impulso a arte urbana, seguindo accións e programas iniciados no 2009, e que nestes últimos anos elevaron á cidade a icona mundial con obras como o graffiti de Julio César.

Arroxo visita a Cheda para valorar as actuacións que son precisas

O Concello realizou diferentes actuacións no barrio da Cheda onde o tenente alcalde, Rubén Arroxo, a concelleira de Participación, Cristina López, e o concelleiro de Educación, Felipe Rivas, estiveron esta mañá para valorar as actuacións que aínda son precisas. Arroxo explicou que “hai obras pendentes e o Concello xa acometeu o arranxo integral da rúa Pousadela ata a ronda do Carme, o pintado da sinalización horizontal, o asfaltado da rúa Río Sar e outras actuacións neste barrio”. As intervencións neste barrio complementan outras obras feitas en diversos barrios da cidade como Albeiros,



As Gandaras, Castelo, etc... Rubén Arroxo fixo fincapé no arranxo recente de infraestruturas, elementos de sinalización e instala-

ción de mobiliario urbano e engadiu “hai obras necesarias para o barrio xa están licitadas e adxudicadas e que en breve se escutarán”.

Máis de 250 bancos foron amañados na cidade

Dende a Tenencia de Alcaldía fan balance do traballo realizado na renovación dos bancos da zona urbana. Alexandre Penas, concelleiro de Infraestruturas Urbanas, explicou que “nestes anos realizamos distintas intervencións, mellorando máis de 250 bancos en toda a cidade, o que mellorou enormemente a imaxe da cidade e garantiu que as veciñas e veciños poidan desfrutar dunhas instalacións públicas de calidade, con intervencións que ademais supoñen un custo moi baixo para o concello”. Os traballos executados nos bancos, consistente na preparación dos listóns e na aplicación dun produto protector para a madeira, garante a boa durabilidade dos bancos reparados e permite ao concello aforrar



preto do 70% do custo de adquirir un banco novo. Penas lembrou a importancia de que a veciñanza faga chegar as súas necesidades ás distintas áreas do goberno municipal. “As veciñas e veciños de cada zona saben de primeira man as necesidades da súa zona e moitas veces trátanse de pequenos arranxos, que a brigada trata de resolver no menor tempo posíbel”.

Lugo terá un aparcadoiro seguro de bicicletas na estación de tren

Adif avanza que dotarán de aparcadoiros seguros para bicicletas, co fin de promover a integración de modelos de transporte limpos, e impulsando o seu uso en desprazamentos de primeira e última milla. A estación de Lugo contará cun destes aparcadoiros seguros. As entidades acaban de adxudicar o contrato de arrendamento de espazos en 18 estacións de Adif e 24 de Adif AV/AV para a instalación, mantemento e explotación de aparcamentos seguros de bicicletas, por un período de dez anos, á Unión Temporal de Empresas (UTE) integrada por FCC Medio Ambiente, Don Ciclo e Benito Urban. Para o seu desenvolvemento, a UTE rea-

lizará un investimento próximo a 850.000 euros. Os aparcamentos que se instalarán responden o modelo Bichangar Rocket, preparado para un uso intensivo que, ademais, protexe as bicicletas das condicións climatolóxicas, o roubo e o vandalismo. Este tipo de aparcamento modular, pechado e cuberto ocupa a metade dunha praza de coche e ten un baixo impacto visual pola súa limitada altura (inferior a 1,5 m). Ademais, o modelo é sostible e autónomo enerxéticamente ao alimentarse coa enerxía fotovoltaica que carga as baterías, polo que a súa instalación non require obra civil nin conexión á rede eléctrica.

Cada localización ofrecerá capacidade para polo menos seis bicicletas e disporá ademais de catro unidades do modelo de aparcamento ‘U invertida’, de carácter gratuíto. En función do comportamento da demanda, está previsto aumentar a capacidade das instalacións. Os aparcamentos que se implantarán nas estacións de Adif dispoñerán dun sistema intelixente de apertura. Así, o control de acceso realizarase desde a app de rexistro e reserva de praza, a través dunha conexión segura Bluetooth entre o teléfono e a fechadura electromecánica, evitando así a xestión de chaves físicas e minimizando o consumo enerxético.



TREN. A O BNG aproveitou a nevada caída en Lugo para realizar unha acción reivindicativa dentro da campaña Lugo Quere Tren, reclamando uns mellores servizos ferroviarios. O portavoz do BNG, Rubén Arroxo, afirmou que “desde o BNG seguiremos traballando para que Lugo conte cun tren digno, con conexións que sexan útiles para a veciñanza”.

A brigada de vías e obras atendeu case mil reclamacións no 2022

O persoal da brigada municipal de vías e obras atendeu un total de 981 reclamacións veciñais durante o ano 2022. Arroxo destacou que “as preto de 1000 reparacións realizadas durante todo o ano proceden na súa maior parte de solicitudes da veciñanza, reparacións pequenas que melloran o día a día das veciñas e veciños de Lugo”. A brigada de obras realizou o pasado ano un total de 295 intervencións na sinalización da cidade reparando ou substituíndo sinais ou marcas

viais, ademais, melloraron 83 tapas de rexistro que producían molestias á veciñanza por facer ruído ou estar soltas. Executáronse tamén 558 arranxos en vías públicas, bolardos deteriorados, tapando fochancas ou renovando partes das beirarrúas máis deterioradas. As 45 actuacións restantes consistiron en renovacións e instalacións de mobiliario urbano, como bancos ou aparcabicis, e en outras reparacións. “Esta brigada realiza unha importante labor de reparación nas distintas

infraestruturas do concello e no mantemento da cidade”, explicou Arroxo. O Tenente Alcalde lembrou a importancia de que a veciñanza faga chegar as súas necesidades ás distintas áreas do goberno municipal. “As veciñas e veciños de cada zona saben de primeira man as necesidades da súa zona”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “moitas veces trátanse de pequenos arranxos, que a brigada municipal de obras trata de resolver no menor tempo posíbel para garantir o bo estado da cidade”.

Comezan as obras de reparación do Auditorio de Magoi

Xa deron comezo as obras que está a realizar a empresa adxudicatária para a subsanación das deficiencias coas que foi entregado o Auditorio Municipal.

Estes Labores que permitirán ao Concello, unha vez finalizados, poder abrir a dotación cultural nas debidas condicións de seguridade para o público e que terán un custo para as arcas municipais de 287.955 €.

Xa se levaron a cabo os selados iniciais que precisa o inmovible, tarefas que tiveron que adiarse debido ás condicións meteorolóxicas e que continuarán pola impermeabilización dos patios da cuberta onde resulta máis urxente actuar.

Os operarios detectaron a existencia de novos vicios ocultos da edificación, como por exemplo nos devanditos patios e mesmo tamén filtracións de auga na porta de entrada.

As actuacións comprenden, así mesmo, a impermeabilización dos respiradouros e o desatasco dos sumidoiros, canlóns e baixantes; se atallará



a corrosión derivada das eivas que presentan as xuntas de dilatación e se arranxarán, entre outros, as comportas de saídas de fumes que provocan goteiras nos escenarios.

A este respecto, o Executivo local, lembrou que xa durante o acto de recepción, o Concello intentou entregar ao ente autonómico os informes dos técnicos municipais onde xa daban conta dalgúns dos fallos advertidos nas dúas únicas visitas que lles deixaron realizar previamente e sen que, en ningunha desas ocasións, pui-

desen probar o funcionamento dos equipamentos. Documentos que non quixo recibir pero que se lle fixeron chegar igualmente facéndooos coñecedores da situación.

A Administración local iniciou entón un proceso de avaliación das condicións nas que se atopaba a infraestrutura e se cuantificaron máis de 200 danos, determinouse a necesidade de subsanar todas estas carencias para evitar, nun futuro, que tanto as lesións como a envergadura das reparacións se incrementara.

O PP volve denunciar a tardanza na resolución de licenzas

O PP denuncia que “a resolución de peticións de licenza no Concello de Lugo segue a ser un dos grandes lastres para a economía municipal xa que durante todo o 2022 a espera media para resolver unha solicitude foi de 509 días, un dato moito máis elevado que en 2021, cando a espera media situárase en 465 días”.

Para Antonio Ameijide estamos ante “datos moi preocupantes” xa que falamos de que “tan só unha de cada dez peticións resolvéronse no prazo legal de 3 meses ou o que é o mesmo 21 das 186 peticións resoltas en todo 2022 foron dentro do prazo legal establecido de 90 días. Analizando os datos por zonas, no ámbito urbano tan só 18 licenzas (de 108) resolvéronse en prazo, mentres que na zona rural foron 3 en prazo (de 78)”.

“En 2021 resolvéronse 265 peticións, mentres no 2022 o dato baixou ata 186 expedientes” segundo recorda o popular que tamén declara que “toda a información extraíase das actas das xunta de goberno local, polo que dende o goberno local non se poden negar estes datos, salvo que nas actas oficiais falten á verdade”.

“Durante o 2022, os lucenses que pediron permiso para construír, rehabilitar ou facer obras de conservación ou reforma dunha vivenda tiveron que esperar 509 días. Na zona urbana a espera media foi de 428 días, mentres que na zona rural a espera media foi de 590 días”.



Presentado o proxecto para seguir en Recatelo coa peonalización

Rubén Arroxo presentou o proxecto de peonalización do treito final da rúa Isaac Díaz Pardo, no barrio de Recatelo. Arroxo explicou que “neste 2023 continuamos coa renovación integral de Recatelo, creando unha zona peonil que comunica o centro da cidade co Parque de Rosalía, e mellorando as instalacións públicas e a calidade de vida das veciñas e veciños”.

As obras que anunciou o Tenente Alcalde consisten no segundo treito da obra, ubicada entre as rúas Avelino Pousa Antelo e Cidade de Viveiro, “un treito que por cuestións orzamentarias non puido incluírse na primeira fase das obras”, explicou Arroxo.

Os traballos, que se abrirán a licitación nas vindeiras semanas, consistirán na renovación do sa-

neamento e da recollida de augas pluviais, ademais das instalacións de alumeadado e telecomunicacións. A pavimentación dará continuidade aos treitos xa peonalizados na primeira fase, e instalarase tamén novo alumeadado público.

O proxecto sairá a licitación cun orzamento de 128.183,38€, e as obras terán un prazo de realización de 3 meses. A Tenencia de Alcaldía prevé que as obras comecen de cara ao verán e que estén rematadas antes das festas de San Froilán. Arroxo lembrou que a tenencia de alcaldía continuará neste 2023 realizando actuacións no barrio, como a renovación do Carril dos Loureiros, tal e como se acordou coa veciñanza do barrio, no que se habilitará unha plataforma única “que nun futuro poderá ser peonil”.

Adif suprimirá catro pasos a nivel no concello

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, anunciou a formalización dos contratos do proxecto para a supresión de catro pasos a nivel no concello de Lugo, adxudicados por 2.178.430 euros. “Compróbase, de novo, que este Goberno cumpre con Lugo e a súa provincia, avanzando na mellora das infraestruturas ferroviarias”, subliñou Rodríguez.

As actuacións previstas terán lugar na liña ferroviaria León-A Coruña, que transcorre pola capital lucense, nos puntos quilométricos 428/980, 429/811, 430/129 e 430/407. Estas obras forman parte do plan estatal do Adif para a eliminación e mellora da protección de pasos a nivel na provincia, que teñen como finalidade incrementar as condicións de seguridade das infraestruturas de transporte, tanto para o tráfico viario

como para o ferroviario.

A supresión de pasos a nivel realízase atendendo á intensidade de tráfico de vehículos e trens que se rexistran en cada zona, de acordo coa lexislación establecida nesta materia. A subdelegada valorou positivamente estas obras que se enmarcan no compromiso do Goberno de eliminar progresivamente pasos a nivel na provincia de Lugo co obxectivo de reducir o risco de accidentes en zonas nas que a circulación de vehículos intensificouse nos últimos anos.

Rodríguez lembrou que estes traballos forman parte da actuación de mellora do corredor ferroviario de Lugo e Monforte de Lemos a Ourense, no que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ten en marcha máis de 546 millóns de euros para a electrificación e modernización da vía.

Cidadáns propón que se incentive o uso de locais baleiros

A portavoz municipal de CS, Olga Louzao, propuxo un plan para incentivar o uso de locais baleiros. “Actualmente en Lugo centos de locais comerciais atópanse coa persiana baixada, trátase dunha epidemia contra a que hai que combater. É inadmisíbel que o Goberno local non puxese en marcha nin unha soa a medida para reverter esta situación que mingua o desenvolvemento do comercio local e da economía de proximidade. Trátase dun problema que non só afecta a Lugo, pero outras moitas cidades como Vitoria ou Zaragoza puxeron en marcha programas cun éxito contrastado que

axudaron a que os locais parados póñanse en funcionamento”, sinalou a edila da formación laranxa.

Louzao presentou un programa con medidas como “elaborar un censo de locais baleiros na cidade e identificar os principais problemas que dificultan a súa venda ou alugueiro. En segundo lugar, consideran que é preciso ofrecer vantaxes tanto aos propietarios como aos emprendedores ou entidades que deciden comprar ou alugar un dos locais que aparecen neste censo municipal.

O plan inclúe outras medias como facilitar que os locais baleiros poidan albergar usos esporádicos.

escolActiva
Centro de Ensino

- ➡ Apoyo escolar en infantil y primaria
- ➡ Refuerzo en ESO y BAC en todas las materias
- ➡ Idiomas: inglés, italiano y gallego

ADEMÁS TE PREPARAMOS PARA LAS PRUEBAS QUE SE CONVOCAN DE:

- Educación Secundaria para adultos (ESA)
- BAC para adultos
- Prueba de Acceso a Grado Superior y Grado Medio
- CELGA 4

¡NUEVOS GRUPOS ONLINE!

¡¡¡INFORMATE!!!

Rúa Camiño Real 48, bajo 27004 Lugo.
676 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com
[instagram.com/escolactiva](https://www.instagram.com/escolactiva) [facebook: @escolactiva](https://www.facebook.com/escolactiva)



O BNG reúnese con Cogami para analizar a accesibilidade

O candidato do BNG á alcaldía de Lugo, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro Alexandre Penas e o responsable local do BNG en Lugo, Felipe Rivas mantiveron unha xuntanza xunto con integrantes de Cogami para analizar as necesidades da cidade en canto a accesibilidade. Arroxo explicou que “nos últimos anos, desde as áreas de goberno xestionadas polo BNG, traballamos para construír unha cidade amable coas persoas baseada nunha mobilidade alternativa que permita ás veciñas e veciños deixar o coche na casa”. Arroxo afirmou que “no proceso

de cambio polo que pasou a cidade nestes anos, é preciso facilitar ao máximo a accesibilidade a todas as persoas con problemas de mobilidade”, e engadiu “é necesario continuar a traballar por un concello inclusivo, no que todas as persoas teñan unha vida o máis normal posible, independentemente das súas capacidades físicas”. Os concelleiros escoitaron as necesidades que desde Cogami se trasladaron para mellorar a accesibilidade en Lugo, e puxeron en común os avances que deu Lugo en canto a accesibilidade nos últimos anos.

Presentan un plan de iniciativas para a contorna de Fontiñas

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, vén de manter un encontro coa veciñanza de Fontiñas para coñecer as súas necesidades actuais e poder atender, así, as demandas máis urxentes. Unha reunión que se enmarca na habitual rolda de contactos que a rexedora mantén nos diferentes barrios e na que Méndez compartiu a preocupación xeralizada das e dos residentes por se o último proxecto coñecido para finalizar a Rolda Leste volve paralizarse unha vez máis, logo dos sucesivos cambios e vaivéns que experimentou nos últimos anos. “Falamos dunha infraestrutura que resulta vital para o crecemento da cidade, segundo recoñeceu Méndez, e que está a condicionar o día a día desta contorna afectada dende hai moito tempo por unha sobre saturación do tráfico”. A alcaldesa incidiu en que tanto esta avenida como a estrada do Rato son as principais vías de conexión co HULA. “Un centro sani-

tario que é hospital de referencia para toda a provincia e que propicia que miles e miles de vehículos transiten por elas cada xornada sen que toda esa circulación reverta dunha forma positiva porque a maioría dos traxectos son de paso, sen parada, o cal dificulta incluso a dinamización económica e a mobilidade de toda a zona”. Lara Méndez lamentou que logo de ter solicitado a documentación técnica da actuación o pasado 19 de decembro á Consellería de Infraestruturas, o ente autonómico aínda non lle teña trasladado ningunha información ao respecto, “de maneira que tampouco sabemos de que xeito podemos colaborar dende o Concello para axilizala”. A rexedora insistiu na relevancia da obra, impulsada por Touriño durante o seu mandato ao fronte da Xunta e paralizada durante máis dunha década por Núñez Feijoo, e amosou o seu firme compromiso de perseverar en esixir

que se acometa a súa materialización. “Porque non se trata só de anunciarla en cada campaña electoral, nin tampouco de asignarlle unha partida en cada orzamento, senón de licitala e executala para que dea soporte ás arterias de comunicación do municipio e alivio á Avenida das Fontiñas”, engadiu. Así mesmo, Lara Méndez aproveitou a xuntanza para explicarlle ás persoas asistentes algúns dos proxectos municipais previstos polo Executivo local para o barrio, entre os que se atopa a creación dun novo parque infantil e dun aparcadoiro de carácter disuasorio. Unha intervención para a que o Concello leva xa tempo buscando a superficie axeitada, ante a inexistencia de parcelas municipais dispoñibles nas inmediacións, e que atopa o seu principal escollo na dificultade de que os terreos con maior viabilidade son particulares e as respectivas propiedades amósanse reticentes á cesión.

A renovación do canil de Frigsa contará cun circuío agility

As instalacións do canil de Frigsa serán reformadas por completo nuhas obras que o Concello destinará 132.950 euros. Os traballos, que terán un prazo de execución de tres meses comprenden a reparación das depresións do terreo e as eivas do céspede, así como a implantación dun novo sistema de rega e drenaxe. O canil contará con dúas áreas estanciais tipo parklet, con bancos e papeleiras, estando dotada, como mínimo, una delas dunha estrutura de cuberta tipo pérgola ou similar. Así, “todo o ámbito terá unhas dimensións proporcionadas, con espazos amplos para a convivencia, nos que en todo momento se manterá a visibilidade. Disporá de boa iluminación, de dobre porta de acceso de peche automático mediante resorte hidráulico e de bancos cubertos na parte inferior para evitar que as mascotas poidan lesionarse. Precisamente o chan será de pavimento brando nas zonas de xogo onde se instalará un circuío de agility composto de balancín, slalom e túnel para o lecer e amaestramento dos cans. Haberá zona de lavado e peiteado, bebedoiros sen retención e contedores de residuos orgánicos, entre outros equipamentos”, referiu Méndez.

O BNG municipal convocará mobilizacións pola Rolda Leste

O BNG iniciará unha campaña informativa sobre o proxecto da Rolda Leste tal e como informou o candidato á alcaldía Rubén Arroxo que explicou que desde o BNG “seguiremos informando á veciñanza sobre os danos que este proxecto suporá na contorna do río Rato, destruíndo máis dun kilómetro de terreo”, e engadiu “sería impensable hoxe repetir o debate de hai 100 anos sobre derrubar a muralla, pero é algo similar ao que a Rolda Leste suporá para o río Rato”. Arroxo anunciou que a campaña do BNG incluírá mobilizacións “para fa-

cilitar que a veciñanza amose a súa oposición a este proxecto”, e puxo como exemplo o derrubamento do Gran Teatro, “algo que xa non ten marcha atrás e que supuxo unha gran perda para Lugo, non podemos permitir que isto se repita na contorna do Rato”. O portavoz nacionalista convidou a toda a veciñanza a participar das mobilizacións, “incluíndo á candidata do PP, quen xa asisitiu ás manifestacións de Lugo Quere Tren, a quen chamamos a defender o patrimonio natural de Lugo”

O HULA contará con 340 novas prazas de estacionamento gratuito

O Concello de Lugo habilitará 340 novas de prazas de estacionamento gratuítas na contorna do Hula, así o anunciaba a rexedora local que abriu o proceso de licitación para contratar os traballos de creación dun novo estacionamento. O recinto ocupará dúas parcelas que no seu conxunto suman 11.510 m² con capacidade para máis de 300 vehículos. “Sempre baixo a premisa de maximizar o seu rendemento, dunha forma práctica e cómoda para as persoas usuarias, a intervención procurará, na medida do posible, alterar minimamente o perfil topográfico do terreo para axustarnos ás limitacións urbanísticas que continúan en vigor. Condicionantes que, por outra parte, non nos impediron atender as necesidades que nos comunica a cidadanía e que, neste caso, queren paliar o elevado custo que segue a ter o parking soterrado do Hospital e que obriga a profesionais sanitarios e pacientes a buscar alternativas na vía pública”, apuntou Lara Méndez. A alcaldesa lucense referiu que a intervención tratará de manter ao máximo a configuración da superficie aínda que nalgunhas zonas, nas que aparecen promontorios ou foxas, procederase á súa nivelación

para facilitar o uso. “En canto aos materiais de acabado, estes serán similares aos das zonas pavimentadas da contorna, como xabre ou áridos extraídos na escavación, para minimizar o impacto visual”, explicou. En canto aos accesos á nova área de estacionamento, Méndez avanzou que “se procurará unha entrada ao recinto polo extremo Norte, a partir da vía asfaltada, colocando filas dobres de aparcamento en batería paralelas á rúa Doutor Ulises Romero, no caso do predio da dereita; mentres que no da esquerda optouse por distribuír as prazas de forma paralela ao camiño de acceso, conseguindo con esta organización 340 prazas de 5x2’50 metros”, indicou a rexedora ao tempo que apuntou, alén, que os labores de acondicionamento terán un prazo de execución de 4 meses e cun investimento de 193.946 euros. A rexedora adiantou tamén que o Executivo local solicitará unha autorización para colocar cámaras de vixilancia tanto no actual aparcadoiro como no que se vai construír co obxectivo de incrementar a seguridade que actualmente desenvolven a Policía Local e o resto de Corpos con competencias en materia de orde pública.

Novos colectores de aceite

O Sagrado Corazón é o barrio onde LuceLugo o novo servizo de limpeza e recollida de lixo comezou a instalar os colectores de aceite doméstico que estarán en diferentes rúas da cidade. En total, colocaranse medio centenar de recipientes na zona urbana de 240 litros de capacidade, que quedarán listos nas vindeiras semanas. Os primeiros ubicaranse nas contornas próximas aos centros escolares. Está previsto que no mes de marzo se instale outro medio centenar nas parroquias.



Continúan as obras en rúas e prazas

Rematan os traballos en Bal y Gay e ultiman outros en Lamas de Prado ou Calzada da Ponte

Remataron os traballos de reurbanización da rúa Bal y Gay, que consistiron na renovación integral e na pavimentación, instalando un novo solo baseado en mestura bituminosa en quente, e garantindo tanto o espazo peonil como o espazo de estacionamento. A nova distribución da rúa consiste nun carril de circulación, un carril de estacionamento e unha beirarrúa ampla. Para garantir a seguridade dos espazos peonís, separáronse da calzada habilitando unha nova franxa axardinada.

O Goberno de Lugo renovou tamén a canalización de alumeado e a rede de alumeado da zona, instalando novas luminarias LED. A actuación supuxo un investimento de 181.094,65€.

LAMAS DE PRADO. A rúa Lamas de Prado conta xa coa recente instalación de mobiliario urbano e o pavimentado de diferentes zonas. O Goberno de Lugo traballa neste proxecto, tanto na renovación das beirarrúas, como nas diferentes instalacións de servizos que están soterrados, eliminando barreiras arquitectónicas e aumentando a accesibilidade nunha zona da cidade que acolle a máis de 10.000 habitantes.

Habilitouse unha plataforma única na confluencia desta rúa coa praza do Castiñeiro, continuando coa aplicación dun modelo que fomenta a convivencia entre as persoas e os vehículos, calmado o tráfico e permitindo o tránsito peonil pola zona de xeito seguro. A actuación supón un investimento de 533.933€, e inclúe tamén a renovación do mobiliario urbano de as zonas verdes da zona, xunto coa instalación dunha nova marquesiña para a parada do bus urbano.

PRAZA ALICANTE. Tamén comezaron os traballos de renovación da

praza de Alicante, no barrio da Milagrosa. A solución que executará a área de Mobilidade e Infraestruturas consiste na renovación integral do pavimento, creando dúas zonas diferenciadas para o tránsito peonil e o dos vehículos, mantendo as zonas de estacionamento. Ademais, renovarase o mobiliario urbano, ampliando o total de bancos instalados na zona, e cunha nova disposición que permitirá unha maior comodidade á veciñanza, e instaláranse novas papeleras e xardineiras.

O Goberno de Lugo avanzará tamén con esta intervención na renovación da rede de alumeado público municipal, eliminando as actuais luminarias de vapor de sodio, e instalando LEDs, de baixo consumo, e que garantirá un alumeado uniforme en toda a extensión da praza. En total, invístense 175.571€ nesta actuación.

AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO. A renovación da rúa Aquilino Iglesias Alvariño, na contorna de Lamas de Prado xa está en marcha tamén.

A renovación desta rúa incluírá a mellora das actuais zonas peonís, con novo mobiliario urbano e ampliando o número de árbores instaladas nesta rúa. Os pasos de peóns elevaranse, “avanzando tamén no calmado do tráfico en toda a cidade, unha das solicitudes que cada vez realizan máis veciños e veciñas de Lugo”, explicou o tenente alcalde. O alumeado público da rúa renovarase tamén.

CALZADA DA PONTE. Continúa o avance das obras de peonalización e humanización da Calzada da Ponte, que comezaron o pasado mes de maio. As obras avanzan a bo ritmo e actualmente xa se executaron case o 50% dos traballos previstos, que se están a realizar en tres fases diferentes, debido ás características da intervención. A primeira fase comprende o tramo entre a Rúa Santiago



Lamas de Prado, Bal y Gay e a Calzada da Ponte (de arriba a abaixo)

e o paso inferior Rolda do Carme; a segunda, o tramo existente entre o paso inferior da Rolda do Carme e o paso inferior N-VI; e a terceira, o tramo desde o paso inferior da N-VI ata a Ponte Romana.

O ámbito de actuación, de 640 metros de lonxitude, abarca a explanación

da diante da Ponte Romana, a rúa Calzada da Ponte, o acceso desde o enlace da Volta da Viña coa N-VI e os ramais de San Lázaro e de acceso á N-VI, así como o viario cara o Balneario, aínda que non se chegará ata as termas porque Patrimonio da Xunta de Galicia non o autorizou.

O PP insiste en renovar a rede de abastecemento de auga do Ceao

O PP pide “proceder á renovación da rede de augas do Ceao que, case dous anos despois do devastador incendio, segue sen ter solucionados os problemas de presión de auga que no seu momento puxeron en serias dificultades aos bombeiros para poder extinguir as lapas”.

Ante esta situación, Antonio Ameijide, amparándose nos informes municipais sobre o incendio ve “imprescindible esta renovación xa que se especificou que a presión de auga nas rúas onde tivo lugar o lume era unha cuarta parte da que había noutros puntos do polígono (de entre 0,6 e 0,8 kg/cm²), mentres que na rúa dous Carpinteiros, á carón da ITV hai unha presión de 3,8 kg/cm²”.

Para o popular “cómpre realizar esta renovación o máis axiña posible e pide ao goberno que deixe de ampararse na escusa que dan sempre para sortear este problema coma que non existen queixas de industriais e que non é unha zona na que se produzan avarías”. Antonio Ameijide ve isto coma “un intento de minimizar un problema grave que preocupa aos industriais da zona despois da situación vivida”.

O Concello reúnese cos afectados polo desprendemento de terra en Castelo

Miguel Fernández mantivo un encontro coas persoas afectadas polo desprendemento de terra ocorrido en Castelo. O edil recibiu en dependencias municipais a unha representación da veciñanza para clarificar a titularidade das parcelas danadas, logo de que se descartase a existencia de bens públicos na zona, e para comunicarlles tamén as conclusións do protocolo elaborado polo Servizo de Enxeñaría do Concello.

Fernández explicoulles que o criterio técnico aconsellaba, primeiramente, que unha ou un perito avalíe a situación e realice un protocolo de gretas para facer unha análise global da situación.

O Concello estudará asumir a elaboración dun ensaio xeotécnico imprescindible para valorar, entre outros aspectos, a estabilidade do noiro e os riscos que entraña o seu estado actual.

“Tratándose de predios privados o impulso das actuacións debe vir da propiedade pero iso non resta un ápice á nosa vontade de cooperación, con accións de asesoramento técnico e brindando o apoio que precisen”, concluíu o tenente de alcaldesa.

Zona verde de Augas Férreas



Comezou a instalación dun valado de madeira na zona verde da praza de Augas Ferreas, co fin de acoutar esta área, moi utilizada polos nenos e nenas para xogar ao balón, polo que aporta maior seguridade. Esta

intervención da resposta á petición que lle trasladaron os residentes e pais e nais usuarios do praza. O valado, que se coloca en forma de L, mantén a sintonía co peche do parque infantil cuberto.

Parque infantil Roi Xordo



O parque infantil da rúa Roi Xordo, situado fronte á porta principal de entrada ao colexio público Illa Verde, será modernizado e ampliado. Os traballos inclúen a ampliación da área de xogos; a renovación do

chan, con instalación de pavimento de caucho de cores; a reparación e adaptación dos xogos existentes así como a súa reubicación na nova superficie, xunto coa instalación de dous novos xogos.



Cidadáns pide conectar as rúas Amizade e Escultor Asorei

A portavoz de Cidadáns Olga Louzao, urxe ao Goberno a “conectar dunha vez por todas” a rúa da Amizade con Escultor Asorei. “É inadmisíbel que este tapón con décadas de antigüidade non fose abordado polos sucesivos gobernos socialistas. É unha evidencia da súa incapacidade para xestionar a cidade en materia urbanística. Menosprezar a eficacia que tería solucionar cada un destas barreiras na mellora da fluidez do tráfico é mostrar dun descoñecemento total da nosa urbe e de cales deben de ser as súas prioridades”, sinalou. “O obxectivo de completar o tra-

zado urbano nesas escasos 50 metros entre a rúa da Amizade e Escultor Asorei permitiría xerar un novo itinerario de circulación no eixo norte-sur que comunicaría parte dos barrios da Milagrosa, Residencia e Abella desde Lamas de Prado con Fonte dos Ranchos e Rolda do Carme aliviando considerablemente a congestión de tráfico e mellorando os tempos de comunicación cara á zona sur, tendo en conta ademais que a entrada en funcionamento nun futuro próximo de novos equipamentos na Residencia incrementará o tráfico considerablemente na zona”, dixo.

Aprobada a licitación para renovar os asentos do Pazo

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou o procedemento de adxudicación e o prego de cláusulas para contratar a subministración, instalación e montaxe de 2.100 asentos pregables, cun importe orzamento base 171.157 euros no Pazo dos Deportes. O anuncio publicarase na Plataforma de Contratos do Sector Público para que as empresas interesadas presenten as súas ofertas. A instalación dos novos asentos per-

mitirá renovar completamente as bancadas supletorias, mellorando a confortabilidade de usuarias e usuarios e dando un aspecto homoxéneo ás gradás. O responsable provincial lembrou tamén que a área de Deportes segue a traballar tamén na tramitación dos contratos para completar as melloras previstas no Anexo, coa renovación do pista e a instalación de vestiarios.

Un pozo de bombeo elimina as verteduras nas Gándaras

Remataron as obras que se levaron a cabo para eliminar vertidos de augas residuais nas Gándaras cun investimento total de 47.000 euros. As obras consistiron na eliminación de dúas verteduras nunha zona moi próxima ao Arboretum, implantado nunha das zonas verdes do Polígono Industrial de As Gándaras, declarado Espazo Natural de Interese Local e ao nacemento do río Rato. Procede á construción dun colector de PVC de 315 mm de diámetro que discorre baixo a cuneta do camiño municipal existente, conducindo as augas residuais desde os puntos de vertedura interceptados por senllos

pozos de rexistro ata o pozo de bombeo proxectado. O pozo de bombeo alberga dúas bombas somerxibles trituradoras que impulsan o caudal acumulado no mesmo a través dunha tubaxe de polietileno ata un pozo de rexistro existente nas inmediacións do tanque de tormentas situado na Rúa dos Servizos. Esta tubaxe de impulsión instalouse pola marxe do carreiro que discorre pola zona verde. Incluíronse tamén as obras necesarias para dotar de subministración de enerxía eléctrica á instalación de bombeo, así como a reposición de pavimentos afectados polas obras.

Avanzan no plan de urbanización entre Paradai e o Sagrado Corazón

Déronse a coñecer algúns dos aspectos da obra de urbanización que mellorará as conexións entre Paradai e o Sagrado Corazón a través da creación da Estación Intermodal. A creación do paso inferior redundará na permeabilidade transversal urbana, rematando co illamento no que se mantiñan dende hai anos estes dous barrios, mentres que a urbanización e remodelación do viario e os accesos rodados na zona comprendida entre a Praza Conde Fontao, a rúa Alta e o parque do Sagrado Corazón redundarán na seguridade viaria, na fluidez do tráfico pero tamén na accesibilidade de todo o enclave e na mellora dos servizos”. Así, desá parte do proxecto, orzamentado en 11.687.163 euros o Concello de Lugo achegará 4.674.865 € correspondéndose estes coa cofinanciación – xunto ao ADIF – do novo paso inferior peonil de uso libre que comunicará as dúas localizacións así como da urbanización da contorna inmediata na que se construíra a nova dotación. Cómpre recordar que tralas negociacións mantidas entre o Goberno central e o autonómico para costear



o aparcamento soterrado das instalacións, a Administración galega accedeu a sufragar o 37’50% do seu importe detraéndoo da partida que ía asignar ás tarefas de acondicionamento da contorna. Labores cos que, en cambio, si colaborou en Ourense nunha porcentaxe do 65%. Coa próxima sinatura do convenio, a Institución local comprométese, ademais, a impulsar con carácter preferente a tramitación relativa á consecución destes proxectos. Para o novo paso inferior que conectará ambos lados da canle ferroviaria e, con relación ao tramo

que discorra baixo dominio público ferroviario, Adif outorgará unha concesión administrativa, sen custo, en favor do Concello por un período máximo de 75 anos. De xeito que a Administración local aceptará, entre outras obrigas, a conservación e mantemento das infraestruturas resultantes e realizará, igualmente, unha reorganización no transporte urbano para garantir a adecuada conectividade da nova área Intermodal cos principais puntos de interese da cidade, tales como hospitais, centros de saúde, universidades, zonas comerciais, etc...



Veciños piden unha residencia na antiga sede de Aspnaís

Desde a Federación de Asociación de Veciños Lucus Augusti de Lugo piden a Xunta que “reacondicione, acondicione e dedique a antiga sede de Aspnaís situada na Rampla de Claudio López para unha residencia de maiores” xa que “en Lugo, para obter unha praza nun Residencia de Maiores Pública, hai unha espera media de entre ano e medio a dous anos, a cal nos parece unha espera excesivamente longa”, declaran dende a asociación. A Federación de Asociacións declara que “nos últimos anos no concello de Lugo non se crearon prazas públicas en residencia de maiores, a finais dos anos 70 inaugurouse a das Gándaras e desde esa data só se crearon unhas 20

prazas públicas na Residencia da Milagrosa, polo que hai unha gran carencia de prazas públicas e hai moita xente que non pode pagar unha praza nun centro privado, e insistimos unha vez máis, que a espera para obter unha praza pública é excesivamente longa”. Dende a asociación tamén piden que “ao conceder unha praza nunha residencia pública se teña en conta o arraigamento da persoa co lugar onde desenvolveu a súa vida. É dicir, que se teña en conta a relación da persoa coa súa contorna máis próxima” Por todo isto creen que “esta podería ser unha oportunidade adecuada, preparando o antigo edificio de Aspnaís para que fosen unha residencia pública para maiores”.

Catro empresas optan á reforma do Centro de Saúde da Milagrosa

A Xunta recibiu catro ofertas de empresas para a redacción do proxecto da reforma integral do Centro de Saúde da Milagrosa de Lugo, cuxas obras suporán un investimento autonómico de 2,5 M€.

Trátase dos traballos que deben dar forma á completa mellora deste centro de saúde, adaptando as súas instalacións ao século XXI, optimizando espazos e asegurando a eficiencia enerxética e a accesibilidade. O contrato, que conta cun prazo de execución de 28 meses, abrangue a dirección das obras ata a súa completa finalización, e suporá un investimento que rolda os 175.000 €.

O obxectivo desta actuación da Xunta é reordenar os espazos e acometer unha reforma integral que permita modernizar e acabar coas deficiencias deste centro de saúde, cuxas instalacións, a día de hoxe, están obsoletas.

Trátase dun equipamento con 44 anos de antigüidade que ocupa un antigo sanatorio, con 1.500 m² de superficie construída nun edificio de 4 andares que presenta problemas de accesibilidade, funcionalidade e tamaño nos espazos asistenciais, tanto de consultas como de salas.

DEPUTACIÓN

Reclaman á Xunta axudas para os concellos afectados polo temporal

A Deputación reclamará á Xunta que poña en marcha unha liña de axudas para os concellos máis danados polas borrascas de xaneiro Gerard e Fien, como é o caso de Lugo, Begonte, Viveiro, Cospeito, O Vicedo, ou Pedrafita do Cebreiro. O Goberno provincial sacou así adiante unha proposta que foi aprobada por unanimidade dos grupos da Corporación no Pleno ordinario.

Lamentou a voceira provincial socialista, Pilar García Porto, a falta de "lealdade institucional" que está a amosar a Administración autonómica ante este tipo de incidencias coas entidades locais, lembrando varias situacións recentes nas que a Xunta "non estivo á altura". Así, recordou como, ante a sarabia que afectou a zonas vinícolas da Ribeira Sacra hai dous anos, "recomendaba ós afectados ter contratado un seguro privado", ou a "decepción" da súa resposta ante a vaga de lumes que asolou a provincia o pasado verán. "Agora, ante un temporal que ten afectado a amplas zonas de Galicia, e dun xeito especial á provincia de Lugo, a Xunta volve dar un paso ó lado e pretende que, unha vez máis, sexan as entidades locais as que asuman, tanto o traballo fronte ó temporal, como o custo da recuperación da normalidade", sinalou.

García Porto destacou que, en contraposición, "dende a Deputación, puxéronse en marcha de inmediato todos os medios da institución para desenvolver un dispositivo de cooperación cos concellos que permitiese manter aberta a ampla rede de estradas da provincia, minimizando



o tempo dos cortes derivados das distintas incidencias".

Expuxo a voceira socialista do Goberno que o desbordamento este mes de xaneiro dos ríos Miño, Cobo ou Sor "asolagaron amplas zonas do territorio, provocando inundacións de ata metro e medio de auga en vivendas particulares, comercios ou edificios públicos". E lembrou que en territorios como O Courel, "a erosión das choivas torrenciais é aínda máis grave ó actuar sobre unha zona afectada polos efectos dos lumes do verán, empobrecendo aínda máis uns solos moi castigados."

"Ante a gravidade dos danos", sinalou a tamén Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, "a Administración autonómica ten que establecer mecanismos de axuda para facer fronte ós danos económicos derivados dos temporais, para que esta carga non teña que ser asumida en solitario polas facendas locais". Explicou tamén Pilar García Porto que "danse todos os requisitos establecidos pola Lei de Emerxencias de Galicia" e lembrou

que a Deputación de Lugo xa está axudando ós concellos afectados "cumprindo coa súa razón de ser".

A institución provincial solicitará, polo tanto, a declaración por parte da Xunta de "emerxencia de interese galego" os danos rexistrados en Galicia polo efecto dos temporais de xaneiro; que a Administración autonómica habilite unha liña de axudas económicas para os concellos afectados que se establezan en función dos danos rexistrados e do impacto do temporal en cada municipio; e que inclúa axudas específicas para a Deputación de Lugo, que atendan ó seu carácter de administración local, para axudar a cubrir o custo dos traballos realizados durante o temporal.

MILLÓN DE EUROS. O presidente, José Tomé Roca, avanzou que a institución destinará preto de 1M€ para arranxar as 11 estradas provinciais que resultaron danadas polo temporal de Nadal.

As estradas afectadas discorren polos concellos de Castro de Rei, O Corgo, Baleira, Guntín, A Fonsagrada, Chantada e Carballedo.

Presentan en Fitur a campaña Lugo, provincia románica



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no stand de Galicia na Feira Internacional de Turismo (Fitur) a nova campaña de promoción turística lanzada pola institución provincial, Lugo, provincia románica, coa que dá un novo paso na súa estratexia para impulsar o turismo de calidade e sostible. Así o explicou Tomé Roca na presentación deste mediodía, na que estivo acompañado polo protagonista da campaña, o actor Chechu Salgado, natural de Sober e que foi distinguido co Goya ao Mellor Actor Revelación no 2022.

O promocional da Deputación, tal e como relatou o propio actor sobre o escenario de Fitur, amosa a viaxe sensorial de Chechu Salgado pola provincia. Un audiovisual no que a paisaxe e o rico patrimonio do territorio acompañan ao intérprete para compartir cos espectadores a experiencia única que viven os visitantes que escollen Lugo como

destino turístico.

Sobre a iniciativa da Deputación, o presidente explicou que "este ano optamos polo románico como fío condutor da nosa proposta". Sinalou que "Lugo é unha das provincias españolas nas que este estilo, ligado ao Camiño de Santiago, deixou maior número de monumentos. Unha concentración que sitúa a zonas como a Ribeira Sacra entre os grandes polos do románico a nivel de toda Europa".

"Aproveitando toda esta riqueza, apostamos por un turismo non masificado, personalizado, no que cada turista deseña a súa propia experiencia, que elixa cales dos centos de templos e mosteiros repartidos pola nosa provincia quere visitar", apuntou José Tomé, que sinalou que "para facilitar esta labor, desde a Deputación preparamos xa diferentes rutas do románico pola provincia e publicamos guías actualizadas sobre este patrimonio que están tendo gran acollida".

Esixen o reforzo das axudas aos produtores en ecolóxico

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que reforce a partida de axudas para os produtores en ecolóxico da provincia para que se cubran a totalidade das solicitudes. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no Pleno ordinario do mes de xaneiro, que saíu adiante por unanimidade.

O deputado de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, lembrou que se denegaron a metade das axudas ós produtores ecolóxicos "e non se move nin unha follá". Unha situación "provocada", que segundo explicou "sitúa a un amplo número de produtores ó borde do pe-

che das súas explotacións" e pola que "nos vemos na necesidade de volver a demandar sensibilidade á Consellería de Medio Rural".

Fernández Rico expuxo que, dos 318 produtores que quedaron sen axudas, o 54% dos que a solicitaron, 159 pertencen á provincia de Lugo. "Na maioría dos casos, familias que se introduciron a producir con responsabilidade polas normas que nos marcan dende Europa" e que é unha obriga da Xunta "favorecer a aqueles que queren adaptar a súa forma de producir ó respecto e coidado medioambiental".

Clausúrase o programa 'Feminino rural' cunha mostra de produtos e servizos

Celebrouse en Lugo a xornada de clausura do programa Feminino rural, Evolución no que participaron a deputada de Formación, Ensino, e Economía do Coñecemento, Ana González Abelleira, xunto á Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez.

Este programa está financiado integramente pola Deputación de Lugo cunha achega de 40.000€ e que desenvolveu a Asociación de Empresarias de Lugo (AELU). O acto, que se celebrou no Mercado Quiroga Ballesteros, serviu de trampolín para dar a coñecer entre o público os produtos e servizos das participantes desta iniciativa, coa que naceron

novos negocios e se mellorou a competitividade de empresas asentadas no rural.

Máis dun cento de mulleres participaron no Feminino rural. Evolución, co que recibiron de maneira gratuíta formación, acompañamento e asesoramento personalizado para mellorar ou lanzar os seus negocios. As accións comezaron no mes de xullo do pasado ano, e desenvóléronse en dúas fases por todas as comarcas da provincia: A Mariña, Lugo, a Ulloa, a Terra Chá, Sarria, A Montaña e a Ribeira Sacra. A primeira parte incluíu 7 xornadas de traballo, coworking, que serviron de toma de contacto e para a

creación de sinerxías entre os establecementos de cada zona, fomentando o intercambio de coñecementos e de experiencias entre empresarias e emprendedoras.

Nunha segunda fase leváronse a cabo accións formativas, entre outras, na implantación de ferramentas tecnolóxicas, estratexias DAFO para mellorar a presenza en redes sociais, ou en venda online. Ademais, as participantes recibiron información tanto en axudas e subvencións, en programas Erasmus de apoio a emprendedoras, como na difusión de boas prácticas no rural.

AO NOSO CARÓN

O GDR xestiona case 6 millóns de euros de investimento

A candidata á alcaldía de Lugo Elena Candia mantivo unha reunión de traballo co equipo técnico do Grupo de desenvolvemento da comarca de Lugo, con sede no Concello de Friol. Candia quixo coñecer de primeira man como traballa o GDR 4 ao cal pertence o Concello de Lugo, e as posibilidades que existen para subvencionar proxectos de carácter privado co fin de asentelos nas parroquias do municipio de Lugo, aproveitando así todos os recursos e instrumentos existentes e tentando frear así a sangría demográfica que sofre o rural.

No período de programación 2014-2020 que aínda se atopa en execución, os datos de compromiso de fondos supoñen a día de hoxe a totalidade dos fondos dispoñibles por un importe de 2.742.099€, o que dará lugar a unha inversión inducida de 5.622.710 € e dará a posibilidade de crear 24 empregos e a consolidación de outros 85 empregos no territorio do GDR Comarca de Lugo, a través da axuda a 28 proxectos.

Segundo comenta o seu presidente, José A. Santos, “dende este Grupo de Desenvolvemento Ru-

ral pretendemos axudar a que os emprendedores opten por estes territorios rurais para asentar os seus proxectos, para o que os asesoramos e os levamos dan man ata conseguir que sexa unha realidade o seu asentamento e a posta en marcha, así como tamén xestionamos as axudas Leader ás que poden optar segundo as condicións particulares de cada caso”.

Ademais, estas profesionais, tamén traballan na dinamización do territorio, para o que apostan por mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas de estes concellos mediante o acercamento de actividades culturais, sociais e recreativas, como andainas, charlas de educación e saúde no deporte e a actividade física, e representacións teatrais, entre outras. Tamén cabe salientar o traballo de divulgación e concienciación na loita contra a violencia machista, participando en actividades vinculadas ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O GDR 4 está tamén implicado en facer do territorio un Destino Turístico de Interese para o cal opta a alcanzar un Plan de sostibili-

dade turística en destino (PSTD) que profundice nas virtudes naturais e gastronómicas do mesmo.

En este 2022, a Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Lugo, foi seleccionada como organización candidata a converterse en entidade colaboradora na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

Candia quixo facer referencia a que “recentemente foi aberta a convocatoria Leader con inicio 1 de xaneiro, coa que se poderá acceder a axudas para as anualidades 2023 e 2024, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, que conta con case 600.000 € para este GDR Comarca de Lugo, así como animar a posibles inversores con proxectos que teñan interese en instalalos no rural de Lugo e que cumpran os requisitos a que se informen no GDR dos pasos a dar coa finalidade de que sexan subvencionados por Agader”.

Este GDR 4 colabora na difusión da nova lei de recuperación de terras agrícolas. Tamén estivo inmerso en proxectos de cooperación con outros GDR de Galicia, cos que parti-



AXUDAS. Reuníuse a nova Xunta Directiva do GDR-4 Comarca de Lugo para distribuír os 566.989,26 euros do orzamento. Así 449.339,26 euros irán para proxectos produtivos, 100.000 para proxectos non produtivos de entidades públicas e 17.650 euros para proxectos non produtivos de entidades privadas.

cipou no proxecto de cooperación Nó Rural, que ten como obxectivo incentivar o retorno e a inserción laboral da xuventude no territorio ao que dan cobertura, fomentando o emprendemento e mellorando a empregabilidade. Tamén participou como colaborador no proxecto de cooperación Alimentos da Biosfera, que traballan en Reservas da Biosfera co obxectivo de mellorar o modelo alimentario nos comedores escolares, e como proxecto piloto organizaron dúas xornadas de produto local e ecolóxico no CPI Doutor López Suárez de Friol, no que participaron 215 escolares.

Esta anualidade este Grupo estréase como coordinador dun proxecto

de cooperación xunto con outros GDR, de ordenación territorial da terra agraria a través do sistema de permutas, que tan bos resultados están dando no Concello de Friol.

A Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo é o único punto multiplicador Eurodesk da provincia de Lugo, que é un servizo de información xuvenil sobre programas e iniciativas europeas.

Ademais é coordinado do Proxecto KA2 Erasmus+ Rural Plus, que é un proxecto de cooperación Erasmus+ integrado por partners de Finlandia, Chipre, Portugal, Italia e A Coruña e que ten unha duración de dous anos.

guntín

Avanzan os traballos da estrada provincial entre Lugo e Guntín

Os traballos de renovación da estrada provincial que une Lugo con Guntín, a LU-P-2901, ao seu paso polo Burgo, continúan avanzando.

Precisamente, o presidente do organismo Provincial, José Tomé, explicou que con esta actuación se está a rexenerar un novo tramo de preto de 8 quilómetros (entre os P.K. 5,5 e 13,1) ao seu paso polo concello lucense e destacou que esta actuación, á que a Deputación destina 350.000€, “demostra unha vez máis o continuo compromiso que mantemos na mellora da mobilidade, e polo tanto, na mellora da calidade de vida dos seus veciños e veciñas. Hoxe falamos desta importante obra para Lugo, que encaixa moi ben no traballo que vén desenvolvendo a alcaldesa neste mesmo sentido”, indicou.

“A mobilidade mellora a vida da xente, axuda a fixar poboación, dina-



miza a economía e o emprego, e fai competitivo a un territorio”. Por iso, na Deputación de Lugo “traballamos para seguir avanzando por manter no mellor estado as vías de comunicación da nosa provincia”. Un esforzo económico moi importante, recalcou o máximo mandatario provincial “que se reflicte no Orzamento total da Deputación xa que dedicamos un terzo a este eido, é dicir, en torno a

30 millóns de euros ao ano”.

As tarefas de rehabilitación do firme consisten na pavimentación con aglomerado en quente, a reapertura de cunetas e, finalmente, a colocación da sinalización horizontal mediante marcas reflexivas brancas. Durante esta actuación tamén se realizan tarefas de limpeza para garantir a drenaxe nesta vía provincial.

rábade

Organizan un obradoiro de musicoterapia en Rábade

O servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza a través do programa Boa Saúde un obradoiro de Musicoterapia en Rábade dirixido á poboación en xeral para fomentar os hábitos de vida saudable entre a poboación.

A sesión terá lugar no Centro sociocultural de Rábade o 27 de febreiro entre as 10.30 e as 12.30.

O obxectivo xeral do mesmo é previr e axudar a incrementar ou restablecer a saúde física e mental a través da música; ademais de promover o mantemento cognitivo, social, motor e emocional. Tentarase conseguir benestar, tranquilidade e sentimentos positivos de autorrealización e así mesmo beneficiarse a nivel cognitivo e motor.

O program contará con definir/reflexionar sobre o son, o ruído, o silencio e a música; identificar estilos

de música adecuados o grupo; dar a coñecer tipos de música que promoven diferentes estados de ánimo; traballar co corpo e a voz percibindo sensacións musicais; cantar cancións que traballen os recordos, especialmente folclore galego; tocar instrumentos musicais fomentando a creatividade, imaxinación e realización persoal, e o baile, que facilite momentos lúdicos e de distensión con sinxelos movementos corporais.

A formación estará a cargo de Damían Cairo Touriño, profesor de Música no conservatorio da Coruña.

O prazo de inscrición está aberto ata o 23 de febreiro a través da web da escola galega de saúde; por mail na dirección prevenciondrogas@rabad.org remitindo : nome e apelidos, enderezo ,mail, teléfono e dni; ou no propio Concello de Rábade, no servizo de prevención de drogas, de forma presencial.

A vila de Friol albergará o Polo de Emprendemento para 26 concellos

O Concello de Friol anunciou o plan de ser a sede do Polo de Emprendemento da Área Central da provincia de Lugo, que se situará na primeira planta do Centro Sociocultural.

Este Polo de Emprendemento e apoio estará xestionado inicialmente por tres profesionais, dous con perfil técnico e outro posto será ocupado por un perfil de carácter administrativo. Contará con toda a primeira planta do Edificio sociocultural de Friol, un espazo de traballo que ronda os 250 m2 no que se instalarán as oficinas, salas de reunións, así como aulas de formación e asesoramento, ao cal desde a Consellería se destinan 120.000€ para as obras, mobiliario, así como para todos os equipos informáticos e técnicos necesarios para poñer en funcionamento este Polo.

Desde Friol, con este Polo darase cobertura a 26 municipios da área centro da provincia, entre os que se atopan o propio Friol, Abadín, Castro de Rei, Cospeito, Xermade, Begonte, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, Castroverde, O Corgo, Guntín, Outeiro de Rei, Rábade, Triacastela, O Incio, Samos, Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, Sarria, Láncara e ata o propio municipio de Lugo.

Desde a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade estiman



que o Polo de Friol estea en funcionamento a primeiros do mes de abril, un Polo de Emprendemento que se pretende dinamizar e captar proxectos, ofrecendo servizos de información sobre oportunidades de emprendemento, asesoramento personalizado para cada territorio, espazos de traballo temporal e networking, así como tamén a captación de investimento e financiamento, orientación, asesoramento e recursos físicos. Os interesados e promotores de proxectos de diferente índole, ademais, poderán acceder a convocatorias anuais de axudas para a consolidación do seu investimento e a xeración de postos de traballo.

APOSTA POR FRIOL. A Xunta de Galicia aposta por este mecanismo para fomentar con decisión a iniciativa

empresarial para dinamizar o mercado de traballo e fixar emprego, atendendo ás demandas dos diferentes territorios.

Cando remate este ano, Galicia disporá de doce polos en funcionamento, contando os cinco que xa están funcionando e os sete que se van poñer en marcha en este primeiro trimestre do ano. Para poñer en marcha estes últimos, e para o impulso de axudas ás iniciativas xurdidas nos mesmos, a Xunta destinará 9,2 millóns de euros en este 2023.

Esta Rede de polos converterase nunha plataforma eficaz de dinamismo laboral, ademais de contribuír a asentir poboación e establecer sinerxías entre o rural e o urbano co obxectivo último de crear mais emprego de calidade a través de fórmulas de emprendemento que permitan fixar emprego e á vez poboación.

Supervisan as obras do centro de saúde local



O delegado territorial de la Xunta en Lugo, Javier Arias Fouz, o xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, acompañados polo alcalde de Friol, José Ángel Santos Sánchez, visitaron as obras de reforma do centro de saúde de Friol.

O orzamento executado foi de máis de 48.000 euros e foi froito dun convenio entre Xunta e Goberno local ao tratarse dun edificio de titularidade municipal. Pola súa parte, o Concello foi encargado de levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras coa redacción do documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas.

As obras consistiron na substitución de carpinterías exteriores, no aumento da superficie da sala de espera de pediatría, reparación de revestimentos vinílicos por problemas de condensación e revestimento de pintura nas zonas nas que está deteriorado.

Nesta lexislatura, o goberno galego asinou máis de 25 convenios para achegar máis de 832.000 euros a reformas de centros de saúde dos que tamén sufraga os custos ordinarios de mantemento.

Así, desde o 2017, a distribución que a Xunta fai do Fondo Adicional do Fondo de Cooperación Local inclúe a previsión de compensar os custos de mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal.

Comezaron as obras do abastecemento de Roimil

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, comezou as obras de mellora do sistema de saneamento municipal na parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol, que suporán un investimento de 253.000 euros.

Os primeiros traballos que se están a desenvolver consisten na recepción do material, na colocación de instalacións auxiliares e na instalación da canalización de vertido desde a depuradora ata o río Parga. Esta actuación, cun prazo de execución de 6 meses, ten como obxectivo estender a rede de saneamento e depuración de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira. A rede de saneamento proxectada componse dunha conducción principal, 2 colectores que



verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo, e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

Para o funcionamento do sistema de depuración inclúense partidas para a acometida eléctrica, así como o sistema de medida e protección, e instalación interior para o seu correcto funcionamento.

Tramitadas case 300 solicitudes para recursos de índole social

Dende os Servizos Sociais do Concello de Friol durante o ano 2022 foron atendidas algo máis de mil persoas, tramitándose 282 solicitudes para acceder a distintos recursos e prestacións. Cabe destacar unhas 40 solicitudes de valoración de dependencia, 24 solicitudes de valoración de discapacidade, 24 solicitudes de distintos programas de ocio para maiores, 17 solicitudes de bono social eléctrico e 10 de ingreso mínimo vital, entre outras, realizadas por este servizo.

Durante o ano 2022 foron atendidas unhas 130 familias a través do Servizo de Axuda no Fogar, con 32.617 horas recibidas nos domicilios das persoas usuarias.

Foron 107 as persoas usuarias recoñecidas con distinto grao de dependencia. Destacar que tres cuartas partes das persoas beneficiarias superaban os oitenta anos de idade e 23 das atendidas eran persoas que vivían soas no seu domicilio.

Este servizo é prestado polo Concello de Friol a través dunha empresa externa, con máis de 40 auxiliares de axuda no fogar, todas elas mulleres, sendo este equipo o encargado de executar este programa, tanto na modalidade de Dependencia como de Libre Concorrencia.

Cabe salientar que o contrato coa empresa adxudicataria do servizo está a piques de rematar, polo que desde os servizos técnicos do Concello están elaborando os pregos para convocar de novo o servizo, uns pregos que pretenden mellorar considerablemente as condicións económicas das traballadoras, así o como os dereitos laborais de cada unha, desde o Concello estiman que no vindeiro mes de Febreiro comezará o novo proceso de adxudicación do servizo.

O alcalde José Á. Santos quixo ter unhas palabras de agradecemento para todas esas profesionais, "que-

ro repetir unha vez mais que son consciente de que este traballo, o de auxiliar na atención ás persoas maiores dependentes, vai máis aló da formación e da experiencia, é moi importante a vocación de axuda aos demais e a súa capacidade de adaptación para darlle a cada paciente no seu fogar o que precisa en cada momento, polo tanto, dende o Concello de Friol queremos agradecer a estas profesionais todo o esforzo que levan a cabo cada día para que os nosos maiores teñan a mellor calidade de vida posible, e isto non sería posible sen todas elas".

Segundo o alcalde indica que "o Concello continúa estando, e sempre o fará, ao lado dos nosos maiores, neste caso ao lado dos que teñen algún grao de dependencia dentro do noso municipio, porque consideramos que este é un servizo prioritario para a sociedade, e polo tanto, para o noso Equipo de Goberno".

O BNG insta á Xunta axudas ás explotacións en ecolóxico

O Bloque Nacionalista Galego en Castroverde acada a unanimidade do pleno municipal coa súa proposta en apoio aos produtores da agrogandaría ecolóxica, xa que “o Partido Popular á fronte da Xunta de Galiza deixou a máis do 50% do sector sen axudas referentes á PAC pola mala previsión orzamentaria da consellería de Medio Rural”. A demanda do BNG insta “ao goberno galego a dotar con fondos propios, a diferenza entre os 3,18 millóns de euros orzamentados até os 5,6 millóns de euros que é cantidade necesaria, para efectuar o pago de todas as solicitudes que cumpriran os criterios estipulados”. Iria Castro, concelleira e portavoz

municipal do BNG en Castroverde, declarou “desde o BNG impulsamos esta medida que é fundamental para o sector agrogandeiro de ecolóxico, a mala xestión non ten que reacer a quen están cumprindo os criterios e facendo ben o seu traballo”. Por outra banda, Iria Castro alegrouse de que a proposta impulsada polo BNG contara coa unanimidade “é unha iniciativa de sentido común, o sector en ecolóxico é un sector de futuro, forman parte do mantemento do territorio e levan a cabo prácticas medioambientais que preservan a nosa natureza e cumpren cos requisitos de loita contra o cambio climático”

I Concurso de Tapas en marzo

O Concello de Castroverde organiza o primeiro Concurso de Tapas co obxectivo de dinamizar o sector e poñer en valor a oferta gastronómica. O concurso celebrarase os días 3 e 4 de marzo e participarán diferentes establecementos de hostalaría cunha única tapa cada un. O horario para poder desfrutar

das tapas será de 20.30 a 23.00 cun prezo de venda ó público entre 3 e 4 euros. O Concello de Castroverde entregará a cada participante antes do primeiro día de comezo do concurso unha urna e folletos para que os clientes poidan emitir o seu voto, que colocarán nun lugar visible.

Castroverde xa se prepara para o Entroido

O domingo 19 de febreiro Castroverde celebrará o Entroido cunha gran festa que dará comezo ás 17.00 cun pasacalles que irá dende a praza do Concello ata o pavillón municipal. O pasacalles estará amenizado polo grupo musical Zuncurrundullo e no caso de mal tempo suspenderase o pasacalles e realizaríase o desfile directamente no pavillón. Para esta celebración o Concello organiza un concurso de disfraces que repartirá 3.600 euros en premios e que se celebrará a partir das 17.30 no pavillón municipal. Poderán participar tanto nenos como adultos e facelo a través de comparsa, parellas ou de xeito individual establecéndose diferentes premios para cada categoría. Valorarase a orixinalidade, a simpatía, o traballo realizado e a posta en escena. Ademais os concurso conta con premios especiais que só se darán cando o xurado así o considere e soamente terán a posibilidade de obtelos os concursantes que pertencen ó Concello de Cas-



troverde, sempre e cando non foran agraciados con algún dos premios xerais. O xurado poderá asignarllos a participantes tanto do concurso infantil como do de adultos. As inscrición para o concurso realizaranse o mesmo día, unha vez finalizado o pasacalles, no pavillón municipal. Ó finalizar o concurso o grupo Zuncurrundullo realizará unha actuación co espectáculo E ti de quen vés sendo?

O PP lamenta que a Torre da Fortaleza non sexa municipal

O Partido Popular critica que “o Concello segue sen conseguir a propiedade da Torre da Fortaleza, que é o gran emblema do patrimonio histórico de Castroverde”. O portavoz popular, Rubén Otero, di que “o alcalde, José María Arias, ou non pode ou non quere cumprir o compromiso que adquiriu no seu día para xestionar a adquisición da torre para o patrimonio municipal”. Otero sinala que “O monumento segue a deteriorarse mes a mes e o alcalde non fai nada práctico para facerse con el para o Concello e tomar as medidas adecuadas para, como primeiro paso, asegurar a súa consolidación”. Os populares indican que “se as negociacións cos propietarios non dan resultado a moi curto prazo, o Concello debe explorar outras vías para facerse con esta peza de patrimonio histórico do municipio”. Hai un ano, Otero destacaba que “era preciso aproveitar os fondos europeos para poñer en valor tan emblemática construción”. “A día de hoxe, nin a torre é municipal nin, polo tanto, hai posibilidade de aproveitar os fondos europeos para consolidala”

o corgo

Arrancan as obras da ponte de Maceda




A Deputación de Lugo arrancou hoxe as obras de reparación da estrada provincial LU-P-1611 á altura da ponte de Maceda, no concello do Corgo, unha vía que foi cortada ao tráfico nun treito de un quilómetro —entre o 7,7 e o 8,7- tras un correntemento de terras debido ao temporal de choivas do pasado Nadal. A institución provincial destina un orzamento aproximado de 40.000€ para o arranxo da estrada,

que acomete pola vía de emerxencia, o que reduce o prazo de execución a menos de un mes, co fin de poñela en servizo para a veciñanza no menor tempo posible. As obras consisten na reposición da calzada tras o afundimento do arco metálico da ponte, unas actuacións que realiza o Grupo Bascuas 2008 SL, que se encarga precisamente da conservación das estradas da Deputación situadas nesta zona da provincia.

Localizan dúas raras estruturas circulares no Corgo e Castroverde

Patrimonio dos Ancares comunicou ao Servizo do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a existencia dunha estrutura circular situada no monte das Cabanas, na parroquia de Maceda no concello do Corgo. Dende o Colectivo Patrimonio dos Ancares declaran que “este achado trátase dun círculo perfecto de 75 metros de diámetro que apenas sobresaí 20 centímetros do chan e que, debido a estar moi colmatado pola acumulación de materia vexetal (atópase entre pinos e rebolas), apenas é perceptible a simple vista”. Investigadores comparan estes círculos cos henge das Illas Británicas. “O primeiro documentado en Galicia foi o famoso da Roda de Barreiros onde xa se efectuou algunha intervención e onde, como resultado das análises radiocarbónicas, fixouse o momento da súa construción no Bronce Medio (séculos XVII e XVI aC)”, informan dende a colectivo. Segundo explican “nos últimos anos están a documentarse en Galicia varios destes enigmáticos círculos (ata o momento detectáronse pouco



máis de medio cento). Polo de agora descoñécese cal sería a súa función pero pode que estean vencellados a algún tipo de ritual, sen desbotar o funerario, ou que se trate de lugares onde as sociedades prehistóricas se xuntaban para facer reunións de tipo político, social ou relixioso”. Unha vez visitado o lugar por arqueólogos de Patrimonio da Xunta de Galicia comprobouse que se trata dun elemento arqueolóxico circular polo que redactaron unha ficha do rexistro de xacementos, sendo catalogado co código GA27014070. Esta estrutura do Corgo é unha das poucas catalogadas ata o momento. O Colectivo Patrimonio dos Ancares

tamén ven de comunicar a Patrimonio outro círculo de características semellantes no concello de Castroverde que a asociación de recreación histórica do Arde Lucus, Tir Na n'Og localizou hai poucos días e que visitaron os do colectivo. Atópase no monte da Zarra, en Pereira, parroquia de Furís. Trátase, coma o do Corgo, “dun círculo perfecto duns 100 metros de diámetro que apenas se percibe a simple vista, pero si nas fotos do voo americano dos anos 1956-57. Apenas levanta do chan 10 centímetros” informan. Estes xacementos que “ata non hai moito tempo tiñáanse como castros, poden considerarse como excepcionais se temos en conta que fóra das Illas Británicas, que saibamos, non se tiñan localizadas este tipo de estruturas polo que consideramos a necesidade da realización de estudos e escavacións que permitan despegar os enigmas que plantexan estas sorprendentes estruturas que poden achegar novas informacións sobre a prehistoria de Galicia” declaran dende o colectivo.

Castro de Rei remata as obras de mellora enerxética da EDAR

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, exemplificou no Concello de Castro de Rei a pegada que está a ter o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno nos pequenos municipios. “Castro de Rei é un claro exemplo de como o Goberno leva a todos os recunchos da provincia o Plan de Recuperación, impulsando a mellora de infraestruturas naqueles concellos do reto demográfico e transformando a vida no medio rural”, salientou. Isabel Rodríguez desprazouse ata Castro de Rei para comprobar o resultado das obras de ampliación e mellora da eficiencia enerxética da estación depuradora de augas residuais (EDAR) do municipio, que contaron cun investimento de 792.000 euros por parte do Estado. A subdelegada, xunto ao alcalde, Francisco Balado, explicou que esta axuda concedida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico forma parte do programa DUS 5000, dirixido a proxectos locais de enerxía limpa e aforro enerxético en municipios de menos de 5.000 habitantes, cubrindo o 80% do total da actuación, “significa unha achega fundamental para que Concellos como o de Castro de Rei poidan afrontar unha obra tan importante”, resaltou. “As melloras na depuradora de Castro de Rei enmárcanse no sólido



compromiso do Goberno Central co municipalismo e co reto demográfico, orientadas a loitar contra o despoboamento, pois esta renovada infraestrutura posibilita o crecemento da poboación no municipio, xa que coa anterior capacidade da estación depuradora o Concello non podía conceder licenzas de obras a novas vivendas”, destacou Isabel Rodríguez.

A subdelegada supervisou os traballos realizados na EDAR, situada en Castro de Ribeiras de Lea, que permitiron duplicar a capacidade da planta, pasando de 350 a 750 m3 diarios. As actuacións realizadas centráronse na reforma, transformación e modernización dos diferentes elementos que compoñen a planta de tratamento de augas residuais. Concretamente, instalouse un xerador

de corrente no tanque anaerobio, dotouse de contactores biolóxicos rotativos e a adaptouse o pozo de bombeo para a recirculación de auga nitrificada, entre outros traballos. Estes traballos contribuirán a mellorar a eficacia das plantas da depuradora, evitando vertidos ao río Lea, dando servizo a unha poboación de máis de 3.000 persoas do casco urbano de Castro Ribeiras de Lea, “acadando un municipio máis sostible e con mellores estándares de calidade medioambiental”, apuntou a subdelegada. Nesta liña, puxo en valor as políticas que está a impulsar o Executivo Central en materia de transición enerxética que permiten ao Concello de Castro de Rei reducir o consumo de enerxía eléctrica da EDAR en máis de 12.000kWh ao ano.

Entra en funcionamento o caixeiro de Correos

Castro de Rei puxo en marcha o seu novo caixeiro automático, que se instalou tras un convenio firmado entre o Concello e a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos SA.

A ubicación, como no podía ser doutro xeito, é a oficina de correos da vila, de titularidade municipal, sendo este o edificio elixido por contar con todas as conexións para o seu funcionamento.

Entre as obrigas das partes, o Concello asumiu a cesión do local, o consumo eléctrico e os gastos de contraprestación, en tanto que Correos asume a instalación e o mantemento interno do caixeiro.

Para a súa instalación fixo falta a autorización do servizo de patrimonio cultural, xa que a ubicación atópase dentro do conxunto histórico-artístico de Castro de Rei, e ademais está nun edificio catalogado como é o da antiga escola. O caixeiro permite realizar as operacións bancarias máis solicitadas como retirar saldos, facer ingresos e incluso xestionar recibos de tributos e taxas locais ou doutras administracións a través da oficina de correos, ofrecendo servizos complementarios e distintos aos que dispensan os caixeiros convencionais

“Dende o Concello levabamos



dous anos intentando conseguir a instalación dun caixeiro, contactando incluso con varias entidades bancarias polo que con esta modalidade poderemos ofrecer un servizo que terá boa acollida entre a veciñanza e permitirá realizar as xestións bancarias máis demandadas”, explica o seu alcalde, Francisco Balado.

Deste modo a vila recupera este tipo de servizo tras 13 anos desaparecido, concretamente dende que pechou a última entidade bancaria, hai máis dunha década. O Concello iniciou a xestión do caixeiro no mes de maio a estará en marcha nos próximos días.

Organizan un obradoiro de primeiros auxilios na parroquia de Goberno

O servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza un obradoiro de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral.

A formación será impartida a través da Escola Galega de Saúde por persoal do 061 o 10 de febreiro de 16.00 a 20.00 horas na escola de San Martiño de Goberno.

Os obxectivos do mesmos son adquirir coñecementos básicos sobre o manexo de situacións que requiran actuación de primeiros auxilios básicos e aclarar dúbidas referentes aos primeiros auxilios.

A sesión estará ao cargo de Marta Fernández López, DUE asistencial Base de Lugo, FPUS 061 Galicia.

A inscrición está aberta ata o 3 de febreiro través da web da escola galega de saúde ou no mail prevenciondrogas@rabade.org.

Val de Francos presenta o programa do Entroido



A comisión de festas do Antroido Val de Francos presentou o cartel das festas deste ano, unha cita ancestral na que participan as parroquias de Ansemar Balmonte e Goberno. Será como todos os anos no Campo do Carril o martes 21 de febreiro a partir das 17.00 horas, cando os Valuros abran coa súa actuación o programa. Tamén

estarán o grupo Eureka da Coruña e a orquestra Saudade de Vigo no apartado musical.

A comisión avanzou que queimárase a Putin e non faltarán os actos tradicionais do programa como a chegada do Antroido ao Campo de Carril, a lectura do pregón, a queima do Antroido, sesión pirotécnica e sorteo de agasallos.

O Concello adxudica a xestión da escola infantil

O Concello de Castro de Rei resolveu o proceso de licitación para adxudicar a xestión da escola infantil municipal Manuel López Besteiro tralo quinto intento. O contrato recaeu na empresa Silman 97 SL, que fixo unha oferta de 215.000 euros ao ano para a prestación do servizo.

O proceso de adxudicación incíase tras rematar o contrato anterior polo que volveu saír a licitación, no pasado mes de xuño, cun orzamento de 161.855,67 euros. Xa a finais de xullo volveuse a licitar, malia que nesta segunda ocasión subiuse o prezo case un 10%, 178.041,23 euros, pero reafirmouse a mesma situación, non se presentaron ofertas.

Así, o Concello chairego volveu a iniciar a licitación, por terceira vez, subindo outro 10% o orzamento, é dicir, 195.845,35 euros, e informando de que o contrato ten unha duración de dous anos prorrogables a

un máis e na seguinte a contía foi de 205.637,61 euros.

Nesta última ocasión a licitación, xa resolta, estaban establecidos 215.919,49 euros. A nova xestora subrogará o persoal do centro, composto por 8 persoas, e manterá o horario de funcionamento, de luns a venres de 7.30 a 20.00 horas.

A necesidade a satisfacer consiste na atención integral dos nenos e das nenas de 3 meses a 3 anos que compoñen a Escola Infantil Municipal, tanto nos seus aspectos educativos, coma de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola. Son actualmente 40 pequenos e pequenas os que hai que atender na escola infantil. O alcalde afirmou tamén que a intención do concello é ampliar esta escola cun aula máis para o próximo curso debido á demanda que teñen o que podería indicar unhas sete praza máis.

O obra do abastecemento incluírá un ramal baixo a A-6

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, recibiu 8 ofertas de empresas para executar as obras da 2ª fase da mellora do abastecemento de Outeiro de Rei, que completará a ampliación da rede deste municipio.

Os traballos de reforzo do sistema de abastecemento municipal, que suporán un investimento de 162.000 euros, prevén comezar e rematar este mesmo ano, ao ter un prazo de execución de 2 meses.

A entidade hidráulica da Xunta financiará o 80% da intervención, achegando o Concello o 20% restante do orzamento.

Máis en detalle, as actuacións a acometer nesta 2ª fase consistirán na ampliación da rede mediante a instalación dun ramal

que conectará coa rede actual na zona empresarial de Outeiro de Rei, pasando baixo a A-6.

Estes traballos darán continuidade á 1ª fase xa executada, que abrangueu un ramal de máis de 3 quilómetros de condución. Estas actuacións supuxeron un investimento de 500.000 euros. Con estas intervencións, a Xunta ten como obxectivo proporcionar un servizo de abastecemento eficiente aos veciños e ás empresas do polígono. Así, resólvense as deficiencias que presentaba o sistema de abastecemento deste municipio.

A Xunta segue a traballar para prestar apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan desenvolver de forma eficiente as súas responsabilidades de saneamento e abastecemento.

Nas antigas instalacións de Tegestacín producirase queixo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, valora “a aposta” de Reny Picot para contribuír a que Galicia transforme no 2025 o 75 % do leite producido na Comunidade. O mandatario galego aplaudiu o investimento de Industrias Lácteas Asturianas (firma máis coñecida pola súa marca comercial) e asegurou, nunha visita ás instalacións adquiridas pola empresa de Navia en Outeiro de Rei, que esta aposta por recuperar a explotación chaira dará un pulo á contorna e a toda Galicia: “Aquí empeza un futuro moi prometedor”, dixo.

A meta por acadar no ano 2025 unha porcentaxe de transformación do leite forma parte da Estratexia de dinamización do sector lácteo, na que se fixaron unha serie de obxectivos que se están a cumprir. Entre eles, a consolidación de industrias en Galicia -como Reny Picot en Outeiro de Rei ou Queserías Prado en Monforte-, a apertura de



mercados -a través de certificacións como o selo Galicia 100%, de produtos alimentarios ligados á marca Galicia Calidade ou do futuro selo de leite de pastoreo-, a fortaleza da cadea de valor ou as políticas levadas a cabo para acadar un prezo do leite máis competitivo que reverta nunha mellora da calidade de vida dos gandeiros galegos. Alfonso Rueda destacou os logros acadados e valorou que os leven a cabo “os que

realmente saben, as empresas do sector”.

O presidente da Xunta, que visitou as instalacións acompañado polo conselleiro do Medio Rural, José González, agradeceu a Reny Picot a súa aposta por Outeiro de Rei, “facendo patria en Galicia”, e animou a outras firmas do sector a seguir na mesma liña para que Galicia se consolide como unha potencia láctea en Europa e en España.

Escollen os gañadores dos certames de decoración e poesía

O Concello de Outeiro de Rei deu a coñecer a relación de premiados do primeiro concurso de decoración de Nadal de fachadas e xardíns de Outeiro de Rei. Tralas deliberacións realizadas polo xurado, obtívose un empate de puntuacións entre os solicitantes Abel Vélez Lozano e Manuel Cobas Gómez, polas decoracións navideñas das súas casas e contorna das mesmas localizadas ambas na parroquia de Sobrada.

O xurado acordou que o empate se solucionará por sorteo o día de entrega dos premios; estes solicitante compiten por obter o primeiro ou segundo premio do concurso (dotados con 150 euros e 100 euros respectivamente).

O terceiro premio, dotado con 50 euros, foi para Francisca Prieto López pola decoración realizada na súa

casa de Guillar.

POESÍA. A Biblioteca Pública deu a coñecer tamén a relación de gañadores do Certame de Poesía Infantil de Nadal 2022 na fase local do concurso, que pasan a participar na fase provincial deste concurso.

Na categoría A, ata 8 anos, gañou Dafne Peña Piñeiro (7 anos), seguida de Martín Carreira Freire (6 anos) e Lara Morandeira Vázquez (8 anos). Ademais, concedéronse accésits a Ainara Rodríguez Cortés (8 anos) e Martín Fernández Rifón (6 anos).

Na categoría B (de 9 a 11 anos) o vencedor foi Daniel Mera Cambiazo (10 anos), acompañado de Claudia Carreira Freire (10 anos) e Gema Rey González (11 anos). Tamén houbo accésits para Elías Derrar Álvarez (9) e Daniel Gómez Tirado (9 anos).

Organizan un curso de poda

O Concello organiza un curso de poda, enxerto e plantación de froiteiras que terá lugar, sempre que exista demanda suficiente (un mínimo de 10 solicitudes), do 4 de febreiro ao 11 de marzo de 2023.

Este curso desenvolverase os sábados en horario de 10:00 h a 14:00 h; a parte teórica realizarase no Centro Cultural de Robra estando previsto que as sesións prácticas

teñan lugar en fincas municipais. Para este curso ofértanse 15 prazas que serán cubertas por orde de solicitude, tendo preferencia as persoas empadroadas no Concello de Outeiro de Rei. A cota de inscrición é de 40 € e deberá facerse efectiva antes do inicio da actividade.

As persoas interesadas poderán realizar a inscrición no propio Concello ou chamando ao 982 393 281, en horario de 9:00 h a 15:00 h.

Adxudican a explotación do Club Náutico



A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aproba a adxudicación por concurso da explotación do Club Náutico de Portomarín, de titularidade provincial. A oferta con máis puntuación das presentadas é unha proposta para explotar este espazo como cafetería e restaurante.

As instalacións do club náutico de Portomarín contan cun salón grande que pode usarse a modo de comedor e unha terraza sobre o Miño. Entre os criterios para a avaliación, tívose en conta o prezo ofertado, os investimentos en equipamento propostos para as instalacións, e a memoria técnica e xestión empresarial.

A concesión é por un período de dous anos, coa posibilidade de dúas prórrogas máis dun ano cada unha. O prezo mensual que debe abonar a adxudicataria é de 310€, o que suporá 3.720€ ó ano. “Coa concesión deste tipo de instalacións, como pode ser o Club Náutico de Portomarín, o de Ponte do Sil ou o Mazo de Santa Comba, a Deputación non busca rendibilidade económica, senón promover o uso e manter activas estas dependencias, de alto atractivo hostaleiro e turístico, para que sexan aproveitadas pola cidadanía e xerar actividade económica na provincia”, explicou Pilar García Porto.

Portomarín recibe a unidade de Coidados porta a porta

O Concello de contará coa visita da unidade móbil de Coidados porta a porta os vindeiros 7, 8 e 9 de febreiro. Esta iniciativa de saúde, financiada a través dos Fondos Europeos Next Generation, achega aos maiores de 55 anos as consultas de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria. O servizo estará situado na praza do Camiño da localidade, segundo informa o Goberno local.

Os servizos, que se prestarán, preferentemente baixo cita previa, ás persoas que se acheguen, serán o de audioloxía, cunha revisión e unha valoración auditiva; o de podoloxía, para a prevención, diagnóstico e tratamento das principais patoloxías dos pés; o servizo de prevención do alzhéimer e outras demencias neurodegenerativas co que se farán probas de valoración cognitiva, exercicios e actividades de estimulación funcional e envellecemento activo, prevención da soidade non desexada e promoción da autonomía persoal.

Para reservar cita, ou solicitar máis información, pódese facer nos teléfonos 622 748 283 ou 623 546 992. As unidades móbiles dispoñen de acceso para persoas con mobilidade reducida.

COLABORACIÓN

A fala estremeña

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Servidor tivo a sorte de poder visitar destinos alén dos mares, moi lonxe de aquí. Así, a casualidade quixo que se producisen estadias en países como Mozambique, no sur de África, e Brasil, en América. En ámbolos dous, a comunicación coa xente resultou doada. “Voçe fala coma nós...”. Frase que adoitaba escoitar, dita con sorpresa e admiración ao mesmo tempo por aquelas persoas coas que un conversaba. Homes e mulleres de distintas idades falaban en portugués, unha lingua moi semellante á nosa e da

que podemos afirmar que é o galego internacional, idioma oficial nos dous estados citados e noutros como Angola, Guinea Bisao, Cabo Verde ou Timor Oriental. En total, estímase en máis de dous centos millóns os falantes de portugués no mundo.

Recentemente faleceu o escritor Domingo Frades Gaspar, nado en San Martín de Trevejo (Cáceres) e membro da Real Academia Galega –RAG-. Foi un comprometido defensor, ademais de aplicado estudoso, da Fala estremeña, unha lingua propia dunha zona da provincia de Cáceres composta por tres municipios, o citado máis os de Eljas e Valverde del Fresno, e que foi declarada como Ben de Interese Cultural no ano 2001. A peculiaridade que lle ven dada atópase

no extraordinario parecido co noso galego. Si, en Estremadura, a máis de cinco centos quilómetros da Chaira, falan tamén coma nós, ou canto menos, moi aproximado. Son unhas cinco mil persoas que a conservaron, transmitíndoa de xeración en xeración, nun entorno monolingüe español, de maneira única e exclusivamente oral, xa que apenas existen textos escritos onde se poda ler e aprender. Todo un mérito sen ningunha dúbida o desta xente, quen merece total recoñecemento. Resulta curiosa esta realidade lingüística, a cal tamén está en risco de extinción, como nos ocorre a nosoutros. Porque onde se fala existen dous fenómenos que nos son familiares, o despoboamento e o avellentamen-

to, cada vez menos xente e cada vez máis vella, polo que resulta evidente que o seu futuro sexa moi incerto. Aínda así, sempre aparecen persoas comprometidas, como o recentemente falecido, o mencionado escritor Domingo Frades Gaspar, e outros que se empeñan en que esta peculiar e moi minoritaria lingua non desapareza. A presenza da Asociación Cultural A Nosa Fala é un claro exemplo de tenacidade e perseverancia, quen vela para que siga sendo un Ben de Interese Cultural, non só nos lugares onde a teñen como propia os seus habitantes, senón para todo aquel que amose sensibilidade por estas

peculiaridades que nos achegan a nosoutros, aínda que vivamos a centos de quilómetros. Curiosa resulta a historia dun lingüista checo afincado nun dos tres municipios sinalados, quen escribiu e publicou o primeiro dicionario de A Fala, recopilando trece mil vocablos.

A supervivencia dunha lingua como esta ou como calquera outra que non é maioritaria, supón todo un desafío nos días de hoxe. A clave está na transmisión e se esta non se leva a cabo, estes idiomas están condenados a desaparecer. E sería unha perda considerable e, o máis probable, que sexa tamén irreparable.

Paixón por ensinar

O PUPITRE



Julio Díaz

A paixón (do verbo latino “patior” que significa sufrir ou sentir) é unha emoción definida como un sentimento moi forte cara a unha persoa, tema, idea ou obxecto. Así, a paixón, é unha relación intensa que engloba o entusiasmo e o desexo por algo. Esta é unha definición que dela fai a Wikipedia, pero a paixón no ensino é algo máis. Os procesos educativos son cambiantes, dinámicos e deben ser variados cada día. Nos, os docentes, non podemos nin debemos movernos exclusivamente no ámbito do cotián e rutineiro. De feito, é de todo necesario adaptarnos ás novas necesidades e ferramentas que pouco a pouco van xurdindo. Pero así e todo con isto non chega porque o realmente importante é traballar con paixón o discurso, optimizando deste xeito o máximo os procesos e estratexias. As persoas que nos dedicamos a en-

sinar temos nas nosas mans unha das profesións máis cativadoras e enriquecedoras do mundo, pero ocorre que, os múltiples atrancos que habitualmente nos atopamos no noso traballo diario acaban minando o noso entusiasmo. Pero contra isto temos a nosa paixón, o combustible que pon en marcha a motivación daquilo que de verdade queremos realizar. Todas as persoas que transmitimos coñecementos, construímos valores e desenvolvemos personalidades, realmente vivimos intensamente este crecemento dos nosos alumnos. Todo isto conséguese expondo constantemente retos e desafíos, con toda a problemática que isto conleva, pero a recompensa sempre merece a pena. A vocación é a base que precisamos todos os que queremos dedicar a nosa vida á nobre tarefa de educar. O exercicio do maxisterio é un modo de darse, de entregarse aos demais e, por iso mesmo, é un dos camiños máis dignos que ten o ser humano para acadar a felicidade tanto no pasado como no presente.

O docente é un ser humano e non un

mero transmisor de coñecemento; é unha persoa que a cotío ten que estar a discernir entre o que debe comunicar e o que non procede, tendo sempre como referente o ben dos seus rapaces. O vínculo educativo esixe, por parte do docente, vontade e capacidade de comunicar, sempre dun xeito adecuado, tendo en conta os intereses dos seus alumnos, a súa linguaxe, o seu mundo, pero esixe ademais, por parte destes, vontade de aprender e capacidade para elo. O noso obxectivo esencial será esperar e avivar o seu desexo de aprender, meta, por certo, nada doada de acadar.

Non se nace docente, o docente faise, constrúese na medida en que comunica unha e outra vez o aprendido, pero cada repetición é distinta, inclúe novas estratexias e elementos, de tal maneira que a repetición non é unha simple reiteración do mesmo, nin un círculo vicioso que volve unha e outra vez sobre si mesmo dun xeito inquebrantable. O docente debe adaptar sempre o seu discurso ao público que ten diante, ese é o éxito. A miña preocupación como docen-

O RECUNCHO DE CANELINA



te polo tanto sempre foi a mesma: “CONTACTAR”, si, con maiúsculas, facer un todo da aula, evitar que nada se interpoña entre o que quero comunicar e o que debe recibir o receptor.

Como cada docente posúe o seu propio estilo educativo, os alumnos, ao longo da súa formación, reciben estes diferentes e variados estilos de tal

maneira que esta pluralidade é educativa por si mesma. Evidentemente, as comparacións entre os rapaces son inevitables, pero a riqueza dunha comunidade educativa está precisamente nesta pluralidade de talentos e métodos que conviven nela, tendo sempre en conta que a humildade e a confianza son os valores esenciais para que flúa toda acción educativa.

DEPORTES

Chega a Lugo este mes o
Campionato de España
de Motocross

Lugo acolle o 25 e 26 de febreiro o Campionato de España de Motocross no Circuito Municipal Jorge Prado. Unha importante cita a nivel e referencia en toda Europa que será a segunda carreira do calendario e a última cita antes do mundial. As tres categorías estrela da elite nacional que competirán esa fin de semana en Lugo son MXGP, MX2 e 125, unha proba que acollerá cerca de 150 pilotos varios mundialistas que asistirán para preparar a tempada internacional. Ademais estarán presentes tamén varios pilotos galegos de referencia mundial como Jorge Prado, Rubén Fernández e Yago Martínez.



As entradas para acudir a este campionato nacional xa están a venda con descontos ata o 31 de xaneiro. Os menores de seis anos poden entrar gratuitamente.

O circuító popular Corre con
nós celebra unha nova edición

O Circuito Larsa Corre con nós volve un ano máis para celebrar a súa 21 edición. Nesta edición, contará con seis carreiras que aglutinan diferentes percorridos e distancias e contan con retos para todas as idades. A carerira Nocturna terá lugar o 4 de febreiro, a que percorrerá o Cinto Verde que será o 19 de febreiro, o Corre con elas celebrase o 18 de marzo, o Impulso Verde será o 23 de abril, a do Tour Talento o 6 de maio e o Final Circuito celebrase o 11 de xuño. Xa está aberto o prazo para inscribirse nesta nova tempada de carreiras populares, na que xa van preto dun milleiro de atletas inscritos, na primeira cita. O que é unha boa mostra do éxito que, ano tras ano, acada cada unha das probas incluídas no circuító. Repetto explicou que “na derradeira proba – 11 de xuño – premiaranse ás tres persoas que acaden as primeiras clasificacións cun trofeo nunha clasificación final definitiva



de todo o conxunto. En canto as clasificacións por grupos, haberá unha clasificación final escolar, outra familiar e tamén por equipos”. Nesta edición, tamén se contará cunha gala final de entrega de premios, que será “unha festa do atletismo popular lucense con moitas sorpresas e actividades durante esta cerimonia” adiantaba o edil. Para a primeira carreira, a Nocturna todas as persoas interesadas en participar poderán inscribirse ata

o 29 de xaneiro a través da web e consultar o regulamento ou máis información. Nesta proba, como vén sendo habitual, haberá distintas categorías: minibenxamíns, benxamíns, infantís e adultos. Concretamente, ás 18:00 horas será a saída das e dos participantes da primeira categoría, que percorreren unha distancia de 300 metros, a segunda categoría, dende as 18:10 horas, cunha distancia de 800 metros, a terceira, a partir das 18:20 horas, cun recorrido de 1.500 metros. Por último, os adultos partirán ás 19:00 horas e terán que correr unha distancia de 3.000 metros. A recollida de dorsais farase en Intersport Lugo (Edificio Pimentel en rúa Bispo), en horario comercial o xoves 2 de febreiro, venres 3 de febreiro e o sábado 4 de febreiro. A carreira dará comezo ás 18:00 horas para as categorías infantís e ás 19:00 horas terá lugar a saída para a categoría adulta. O punto de partida será a Horta do Seminario.

O Emevé celebrou o seu
corenta aniversario



O CV Emevé vén de celebrar o 40 aniversario do club e presentar oficialmente a todos os seus equipos, de categorías absolutas e de base nun acto ao que acudiron preto de mil persoas e que tivo lugar no Pazo de Feiras. A vicepresidenta da Deputación Maite Ferreiro parabenizou ao club por unha traxectoria na elite do voleibol, desde o compromiso co deporte de base e feminino, coa que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo colabora cunha achega anual de 120.000 euros. Nese sentido, recoñeceu “a busca do equilibrio entre a elite competitiva e as categorías de formación, logrando unha canteira tan numerosa e tan implicada e identificada co club.

Seguro que aquí hai moitas rapazas e rapaces que soñan con xogar nas Superligas e que teñen aquí na propia cidade un club no que acadar o máximo nivel competitivo, ademais de desfrutar dun lecer saudable física e emocionalmente, dun grupo de amizades, que mellora a súa vida”, apuntou na súa intervención no acto, celebrado no Pazo de Feiras e Congresos. Tamén destacou o Emevé “como club pioneiro e referente no deporte feminino en Galicia. Afortunadamente, a día de hoxe, en Lugo podemos presumir de estar na elite feminina noutras disciplinas. Pero vos levades 40 anos sendo bandeira do deporte feminino. Non só na cancha, tamén na estrutura directiva”, lembrou.

Tres saídas e unha nova
incorporación no Lugo

O CD Lugo anuncia a incorporación de Joan Carrillo como novo técnico do primeiro equipo. Carrillo chega ao CD Lugo tras unha traxectoria en clubs como o RCD Espanyol, Videoton, VDE Almería ou Wisla Cracovia entre outros. Carrillo dirixiu a súa primeira sesión no Ceao o mesmo día que se fixo público o nomeamento. O novo adestrador chega ao Club despois dunha profunda revolución nas súas filas tras os malos resultados dos últimos dous meses. A primeira medida foi o cese de Fran Justo como adestrador do primeiro equipo trala derrota en Albacete. O ourensán Fran Justo chegou a Lugo o 24 de novembro dende o CD Arenteiro e marcha cun balance de dúas vitorias, un empate e seis derrotas deixando ao Lugo penúltimo a cinco puntos da permanencia. Tras a noticia do cese de Fran Justo, Carlos Pita anunciou que deixa de ser o director do Lugo tras chegar a un acordo co club para finalizar a súa vinculación profesional. Pita, que mudou as botas e o céspede polos despachos do Anxo Carro



pon fin a súa etapa no Club Deportivo Lugo. Os cambios do equipo lucense chegan tamén ata a bancada, así o club chegou a un acordo co Cádiz CF para o traspaso de Chris Ramos no día do peche do mercado de fichaxes. O dianteiro marcha de Lugo como máximo goleador do equipo. Non todo son saídas para o CD Lugo que incorpora a Andoni López como novo xogador para o que resta de tempada. Andoni chega para reforzar a banda esquerda e sumar potencial ao equipo.

Os clubs poden pedir
as axudas da Xunta

O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para este 2023. Deste xeito, os clubs deportivos xa poderán solicitar as súas axudas para 2023 que terán un orzamento global de 2 millóns de euros, ao igual que en 2022 cando subiu un 5% respecto ao presuposto de 2021, distribuídos en dúas liñas de axudas. Por unha banda, 1.910.003 euros para o desenvolvemento de actividades deportivas polos clubs, sociedades anónimas e seccións deportivas e os case 90.000 euros restantes a núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE). A axuda máxima por entidade beneficiaria 10.000 euros, na primeira liña, e 29.999 euros na segunda. Como protagonistas da segunda liña de axudas, os NADE regulan o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base.

“O noso obxectivo principal é facer persoas, non futbolistas”

Luis Agra, director deportivo e vicepresidente do ACD Piringalla

O ACD Piringalla nace no 2016 na cidade de Lugo e desde entón esta escola deportiva non parou de crecer. Falamos con Luís Agra, director deportivo e vicepresidente, para coñecer un pouco máis a historia deste club lucense.

Como son os inicios do Piringalla?

No ano 2006 ou 2007 constituímos o club para que un grupiño pequeno de rapaces competira a fútbol sala, despois deixamos o club sen actividade ata o ano 2016. Este é realmente o inicio do que é hoxe o ACD Piringalla. Neste 2016 foi cando nós comezamos a competir a fútbol, unha serie de persoas que nos adicabamos a este deporte decidimos comezar co club para xogar a fútbol 8 e tentar que pouco a pouco eses nenos fosen crecendo para xogar en fútbol 11 e abarcar así todas as categorías. Unha serie de pais e persoas da directiva confiaron en min para levar a dirección deportiva e comezamos así con dous equipos de fútbol 8. No ano 2017 xa contabamos con catro equipos e realizamos o primeiro campus e dende entón foi un continuo crecemento. Hoxe en día temos máis de catrocentas fichas e temos competindo entre fútbol sala, fútbol 8 e fútbol 11 uns trinta equipos, e en todas as categorías, desde prebenxamín ata xuvenil. Quédanos ter un equipo sénior, que quizais para o ano que ven, porque desde

que comezamos ata o de agora os rapaces non crecieran para un equipo sénior. Agora que xa temos xuvenís de terceiro ano polo que imos tentar sacar un.

Agora contan tamén con sección de atletismo, como xorde?

O ano pasado comezamos cunha sección de atletismo porque parécenos que é a base de todos os deportes, desde a técnica de carreira ata a coordinación e consideramos importante que os mozos, aínda que sexa so un día á semana, podan adestrar a este deporte que os vai facer mellorar como futbolistas. Na tempada pasada, que foi o primeiro ano, tiñamos uns 16 ou 20 atletas e este contamos xa con case setenta. Compiten nas probas oficiais da Federación Galega de Atletismo e tamén tentaremos este ano sacar algo para o Corre con Nós.

Cal é a parte positiva de contar con estas tres disciplinas?

A parte positiva é que unhas se axudan ás outras, o atletismo para o meu gusto ten que ser a base de todos os deportes e logo entre fútbol e fútbol sala complementanse, sobre todo cando os nenos son máis pequenos. Ao practicar os dous deportes teñen máis tempo o balón no pé e iso dótaos de maior habilidade e adoitan ser xogadores mellor tecnicamente. Moitos dos nosos nenos

xogan tanto a fútbol sala como a fútbol campo o que significa que adestran máis que se só practicasen un dos dous deportes e unha disciplina complementa á outra.

Cales son os valores que os definen?

Os valores fundamentais para nós son a educación, o respecto e o compañeirismo. O noso obxectivo principal é facer persoas, non futbolistas, ser un granciño máis na formación dun neno. Tamén na parte deportiva saber competir, como afrontar os fracasos e como afrontar tamén ben as vitorias, tanto unha cousa como a outra hai que saber xestionalos. Se os nenos que están connosco en prebenxamín chegan a xuvenís pois para nós ese é o maior éxito, significa que eses nenos fixeron toda a súa vida deporte connosco. O deporte e a disciplina deportiva é de moita axuda en moitos ámbitos da vida. Non é soamente o lograr gañar, non é o noso obxectivo, aínda que ás veces o consigamos. O segredo do noso crecemento foi un pouco o boca a boca, é dicir, non fixemos unha gran publicidade nin era o noso obxectivo medrar tanto. Eu creo que foi un pouco o boca a boca, nós tentamos darlle unha vertente educativa a todo isto, non nos volven tolos os resultados e tratamos de axudar moito aos pais cos nenos na vertente educativa. A maior parte dos nosos adestradores son diplomados en



maxisterio ou como mínimo teñen o ciclo Tafad entón eu penso que iso gústalles aos pais, máis que un adestrador é un educador.

Que outras actividades realizan ademais dos adestramentos?

A parte dos adestramentos que realizamos durante todo o ano, onde calquera que estea interesado en formar parte da nosa familia pode poñerse en contacto con nós a través do teléfono (629 02 55 14) ou do correo electrónico (contactopiringalla@gmail.com), no mes de xuño, realizamos un campus de fútbol e multideporte. Este campus nace un pouco por petición das familias por necesidades de conciliación familiar e tamén para nós é como un premio para todos os nenos que están connosco. Xogamos a fútbol e a outros deportes e pasamos unha semana que estamos todo o día xuntos compartindo momentos.

Cal foi o maior desafío como club?

A propia creación do club foi para nós o maior desafío. É un club que

xorde da nada e que non tiña nome, comparado con outros clubs que xa teñen unha historia e traxectoria. O desafío realmente era ter nenos en todas as categorías, como outros clubs que eran máis grandes, e que a día de hoxe está conseguido.

E o maior logro?

O noso obxectivo principal é que os rapaces sigan connosco ao longo dos anos, por iso que haxa nenos que comezaron coa formación do club e que actualmente están no seu último ano de xuvenís é unha alegría e un gran logro para nós. A nivel persoal, eu levo moitos anos adestrando e que algúns dos nenos que eu adestrei no seu momento sexan hoxe en día adestradores do club é para min unha gran satisfacción persoal. A nivel deportivo, a cantidade de equipos que temos tamén é unha satisfacción moi grande porque é indicativo de que a xente está agusto connosco. Quere dicir que o equipo técnico que forma o Piringalla e o traballo que estamos a realizar é bo.

O libro ‘Líderes anotadores’ distribuirase entre clubs

A publicación Líderes anotadores repasa a traxectoria dos cinco xogadores que, ao longo da historia do CB Breogán, lograron ser os máximos anotadores da primeira categoría do baloncesto español coa camiseta celeste e será distribuída entre diferentes clubs de baloncesto.

O deputado de Deportes Efrén Castro explicou que “coa distribución aos clubs, pretendemos que a publicación chegue, sobre todo, ás rapazas e rapaces que xogan e desfrutan co baloncesto. Estamos seguros que é un contido que lles gustará porque recolle unha parte da historia do CB Breogán, e valoramos especialmente que sexa en galego e que contribúa, polo tanto, a vincular o noso idioma coas afeccións e os intereses da mocidade”.

A publicación, promovida pola



Fundación Breogán co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, recolle textos dos xornalistas Luís Timiraos, Ovidio González, Roberto Prado e Óscar Losada – tamén responsable da edición-, con curiosidades e datos que trazan os perfís e os méritos deportivos de Alfredo Pérez, Bob Fullarton, Velimir Perasovic, Charlie Bell e Dzan Musa.

Non houbo milagre

Por Adrián Fernández

Pese aos cambios no plantel con respecto a tempada pasada, o Breogán foi quen de chegar ata o último momento con opcións de meterse na Copa por segundo ano consecutivo, pero esta vez non houbo milagre. Comezaba o ano cunha semana dura con dous encontros contra rivais directos. O primeiro Casademont Zaragoza coma visitantes, partido duro e moi igualado que puido caer de calquera lado pero ao final gañaron os celestes por 88-90, con prórroga incluída, gracias a Happ e Nakic. E segundo, tres días máis tarde e xa en Lugo, o encontro que todos estabamos a agardar, o derbi contra Obradoiro; con moi bo ambiente coma sempre e despois do himno de Galicia comezaba un partido no que se podía notar a tensión como se demostrou polo baixo marcador e sobre todo polas malas porcentaxes no tiro exterior, 5 de 18 para o Breogán e 5 de 29 para Obradoiro dende a liña de tres puntos, pero iso é o de

menos, o importante foi a vitoria para os de Lugo por 64-59 e manter as opcións de Copa.

Pero esa posibilidade convertíase nunha milagre porque para conseguila clasificación primeiro había que gañar en Málaga ao Unicaja e en Madrid contra o Real Madrid. Había que intentalo igualmente e con esa metalidade viaxouse a Andalucía, pero pouco durou a ilusión xa que os da casa deixaron desde o primeiro momento que iso no ía a ser así, 53-27 ao descanso e xa non houbo partido, 100-66 para o Unicaja ao final do encontro, duro golpe para o Breogán polo resultado abultado non pola derrota. Agora tocaba olvidar o sucedido e tratar de competir contra o líder da competición e dar unha mellor imaxe do clube, e así foi, pero o Real Madrid e moito equipo e levou a vitoria por 91-73 deixándonos esta vez sen o soño da Copa. Non pasaba nada, o bo de este equipo é que teñen os pés na terra e saben cal é o obxectivo, sabían que

o importante é mirar para diante e preparar o seguinte encontro, esta vez de volta na casa ante Coviran Granada, e así demostraron facéndolles o mesmo que nos fixeran os de Málaga a nós fai un par de xornadas, rematando o partido ao descanso xa cun resultado de 59-24, pese a baixa de Sergi Quintela que se perderá tamén os encontros contra Xirona e Barcelona; ao final vitoria por 99-67 cunha actuación coral de todo plantel celeste.

Deixando a un lado a ilusión que facía poder clasificarse para a Copa, a realidade é que o Breogán está a facer unha gran tempada, demostrando moita profesionalidade e claridade en canto ao que hai que facer, pelexando e gañando os partidos que ten que gañar tanto en casa coma fora do Pazo, unha vez feito o traballo, o que teña que chegar chegará. Agora dous partidos máis en febreiro antes do parón pola Copa e as fiestras FIBA e despois xa veremos, pero a cousa marcha ben.

DE RUTA EN RUTA

Friol: Ruta polos tesouros do municipio

Un roteiro que percorre os distintos vestixios históricos que se conservan no Concello dende a época megalítica

Ademais da edificación do Concello e a fortaleza de San Paio de Narla, en Friol quedan aínda vestixios megalíticos e castrexos, os máis antigos que conserva este municipio. Esta terra foi tamén ocupada por romanos e visigodos.

Na Idade Media as familias Ulloa, Parga e Seixas repartíronse o poder neste termo e como boa mostra diso pódense ver as edificacións, torres e castelos, que ocupan o territorio: a torre de Friol, a fortaleza de San Paio de Narla, a torre de Miraz, o Pazo de Remesil e de Trasmonte.

A fortaleza de San Paio de Narla é de orixe descoñecida e foi reconstruída no século XVI por don Vasco de Seixas, señor da Casa Solar e Castro de Seixas e do Pazo de San Paio de Narla; fillo de Don Vasco de Seixas "o vello" e de María Álvarez de Sotomayor e neto de Don Vasco de Seixas, quen xa no século XIV era señor de San Paio, Oseira, Chantada, Ferreira, Samos, Sobrado e Eiré. Participou na loita dinástica dos Trastámara en favor de Don Enrique. Naquela época quedou repartido o espazo señorial lucense entre apenas cinco familias: os Vázquez de Seixas, Ulloa, Lemos, Saavedra e Pardo.

Esta ruta pódese iniciar en Cotá por un carreiro entre árbores ata saír a un cruzamento de camiños cun curioso cruceiro que chama a atención

porque lembra aos cruceiros irlandeses, por non ter columna e capitel. Levántase sobre unha estrutura de triplo paso e pedestal rectangular cuxo lado maior coincide cos brazos da cruz e toda ela está percorrida por unha decoración de círculos con radios curvos, dez en cada lado, que lembran as esvásticas celtas ou ben aos bubóns alusivos á peste que aparecen nas cruces de peste bretoas dos SS XVI e XVII.

Nese mesmo cruzamento existe unha casa de pedra antiga cuns pendellos pegados á fachada. Estes usábanse en días de mercado para vender produtos da zona. Seguindo o camiño, a ruta transcorre por pistas de terra entre muros ata chegar a outro tesouro, o Dolmen de Muroxosa ou Forno dos Mouros. Esta construción funeraria, é unha pe-

quena entrada na que a súa cámara posúe unha estrutura poligonal tendente a circular cunha pedra cobertora monolítica. No seu interior atopouse un vaso campaniforme que se converteu nunha excepción nos xacementos megalíticos galegos.

O paseo continúa entre os muros, piñeiros, carballos, bidueiros, regatos e pistas que as veces cruzan o río Narla ata volver a Friol e o milario romano da vía XIX da época do emperador romano Antonino que indicaba as millas que faltaban ata chegar a Lugo e que está situado na praza do Concello, pero é unha copia xa que o orixinal consérvase no Museo Provincial de Lugo. Dende alí crúzase a estrada por unhas escaleiras cara ao río Narla e chégase ata o Muíño de Serén.



La vida merece ser escuchada.

Tu audición en manos de profesionales.



Prueba gratis tus audífonos durante 15 días



federópticos
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 - Lugo
T. 982 24 56 17
T. 609 27 52 76

